| 1º-XHB1.6.1. - Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais. | Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais. | X<br>6.9% | | | 2 % | **Procedementos:** Probas específicas. **Instrumentos:** Proba obxectiva. |
| 1º-XHB1.6.2. - Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflictan os elementos máis importantes. | Compara climogramas e analiza mapas que sitúen os climas do mundo e reflictan os elementos máis importantes. | X<br>10.34% | | | 3 % | **Procedementos:** Probas específicas. **Instrumentos:** Proba de interpretación de datos. |
| 1º-XHB1.7.1. - Explica as características xerais do relevo europeo. | Describe as características xerais do relevo europeo. | X<br>13.79% | | | 4 % | **Procedementos:** Análise das producións dos alumnos/as. **Instrumentos:** resumen. |
| 1º-XHB1.8.1. - Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo. | Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo. | X<br>6.9% | | | 2 % | **Procedementos:** Probas específicas. **Instrumentos:** Proba obxectiva. |
| 1º-XHB1.9.1. - Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa. | Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa. | X<br>6.9% | | | 2 % | **Procedementos:** Probas específicas. **Instrumentos:** Proba obxectiva. |
| 1º-XHB1.9.2. - Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente. | Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente. | X<br>6.9% | | | 2 % | **Procedementos:** Probas específicas. **Instrumentos:** Proba obxectiva. |
| 1º-XHB1.10.1. - Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais. | Localiza nun mapa de Europa os principais espazos naturais. | X<br>6.9% | | | 2 % | **Procedementos:** Probas específicas. **Instrumentos:** Proba obxectiva. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º-XHB1.11.1. - Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | Realiza procuras en medios impresos e dixitais seleccionados polo profesorado, referidas a problemas ambientais actuais. | | X 11.11% | | 5 % | **Procedementos:** Observación sistemática. **Instrumentos:** Rúbrica. |
| 1º-XHB3.1.1. - Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | | X 8.89% | X 8.89% | 4 % | **Procedementos:** Observación sistemática. **Instrumentos:** Diario de clase. |
| 1º-XHB3.2.1. - Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | | X 2.22% | | 1 % | **Procedementos:** Cuestionarios. **Instrumentos:** Cuestionario aberto. |
| 1º-XHB3.2.2. - Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais. | Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais. | | X 4.44% | X 4.44% | 2 % | **Procedementos:** Observación sistemática. **Instrumentos:** Diario de clase. |
| 1º-XHB3.3.1. - Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | | X 6.67% | X 6.67% | 3 % | **Procedementos:** Análise das producións dos alumnos/as. **Instrumentos:** Caderno de clase. |
| 1º-XHB3.2.3. - Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre. | Identifica dous relatos a distintas escalas temporais. | | | X 2.22% | 1 % | **Procedementos:** Análise das producións dos alumnos/as. **Instrumentos:** Resolución de exercicios e problemas. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º-XHB3.4.1. - Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | | X<br>2.22% | X<br>2.22% | 1 % | **Procedementos:**<br>Observación sistemática.<br>Análise das producións dos alumnos/as.<br>**Instrumentos:**<br>Diario de clase. resumen. |
| 1º-XHB3.5.1. - Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | | X<br>6.67% | X<br>6.67% | 3 % | **Procedementos:**<br>Observación sistemática.<br>**Instrumentos:**<br>Lista de control/cotexo. |
| 1º-XHB3.6.1. - Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana. | Explica os cambios evolutivos ata chegar á especie humana. | | X<br>6.67% | | 3 % | **Procedementos:**<br>Probas específicas.<br>**Instrumentos:**<br>Exposición dun tema. |
| 1º-XHB3.7.1. - Distingue etapas dentro da historia antiga. | Distingue etapas dentro da historia antiga. | | X<br>4.44% | X<br>4.44% | 2 % | **Procedementos:**<br>Análise das producións dos alumnos/as.<br>**Instrumentos:**<br>Caderno de clase. |
| 1º-XHB3.8.1. - Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | Analiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | | X<br>6.67% | X<br>6.67% | 3 % | **Procedementos:**<br>Análise das producións dos alumnos/as.<br>**Instrumentos:**<br>Caderno de clase. |
| 1º-XHB3.9.1. - Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un. | Diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un. | | X<br>4.44% | | 2 % | **Procedementos:**<br>Análise das producións dos alumnos/as.<br>**Instrumentos:**<br>resumen. |
| 1º-XHB3.9.2. - Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela. | Recoñece a transcendencia da revolución neolítica para a historia da Humanidade. | | X<br>6.67% | | 3 % | **Procedementos:**<br>Análise das producións dos alumnos/as.<br>**Instrumentos:**<br>Caderno de clase. |
| 1º-XHB3.10.1. - Recoñece as funcións dos | Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos. | | X<br>6.67% | | 3 % | **Procedementos:**<br>Análise das producións dos alumnos/as. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai". | | | | | | **Instrumentos:** Investigacións. |
| 1º-XHB3.11.1. - Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto. | Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto. | | X 4.44% | | 2 % | **Procedementos:** Análise das producións dos alumnos/as. **Instrumentos:** Traballo de aplicación e síntese. |
| 1º-XHB3.12.1. - Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos). | Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos). | | X 2.22% | | 1 % | **Procedementos:** Análise das producións dos alumnos/as. **Instrumentos:** Resolución de exercicios e problemas. |
| 1º-XHB3.13.1. - Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia. | Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia | | X 2.22% | | 1 % | **Procedementos:** Análise das producións dos alumnos/as. **Instrumentos:** Resolución de exercicios e problemas. |
| 1º-XHB3.13.2. - Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto. | Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto. | | X 4.44% | | 2 % | **Procedementos:** Análise das producións dos alumnos/as. **Instrumentos:** resumen. |
| 1º-XHB3.14.1. - Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén. | Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén. | | X 4.44% | | 2 % | **Procedementos:** Análise das producións dos alumnos/as. **Instrumentos:** Producións orais. |
| 1º-XHB3.15.1. - Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica | Identifica nunha fotografía os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica | | X 2.22% | | 1 % | **Procedementos:** Probas específicas. **Instrumentos:** Resolución de exercicios e problemas. |
| 1º-XHB3.14.2. - Realiza un mapa conceptual cos | Nomea os principais deuses do panteón exipcio. | | X | | 1 % | **Procedementos:** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| principais deuses do panteón exipcio. | | | 2.22% | | | Análise das producións dos alumnos/as.<br>**Instrumentos:**<br>Traballo de aplicación e síntese. |
| 1º-XHB3.16.1. - Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos. | Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas. | | | X<br>6.67% | 3 % | **Procedementos:**<br>Análise das producións dos alumnos/as.<br>**Instrumentos:**<br>Traballo de aplicación e síntese. |
| 1º-XHB3.16.2. - Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais. | Identifica algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais. | | | X<br>4.44% | 2 % | **Procedementos:**<br>Análise das producións dos alumnos/as.<br>**Instrumentos:**<br>resumen. |
| 1º-XHB3.17.1. - Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo. | Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo. | | | X<br>2.22% | 1 % | **Procedementos:**<br>Probas específicas.<br>**Instrumentos:**<br>Resolución de exercicios e problemas. |
| 1º-XHB3.18.1. - Elabora un mapa do imperio de Alexandre. | Describe un mapa do imperio de Alexandre. | | | X<br>2.22% | 1 % | **Procedementos:**<br>Probas específicas.<br>**Instrumentos:**<br>Resolución de exercicios e problemas. |
| 1º-XHB3.18.2. - Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno. | Identifica as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno. | | | X<br>2.22% | 1 % | **Procedementos:**<br>Análise das producións dos alumnos/as.<br>**Instrumentos:**<br>Resolución de exercicios e problemas. |
| 1º-XHB3.19.1. - Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo. | Identifica as características esenciais da arte grega. | | | X<br>8.89% | 4 % | **Procedementos:**<br>Probas específicas.<br>**Instrumentos:**<br>Exposición dun tema. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º-XHB3.20.1. - Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma. | Describe un mapa coas etapas da expansión de Roma. | | | X 2.22% | 1 % | **Procedementos:** Probas específicas. **Instrumentos:** Proba obxectiva. |
| 1º-XHB3.20.2. - Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga. | Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga. | | | X 4.44% | 2 % | **Procedementos:** Análise das producións dos alumnos/as. **Instrumentos:** Resolución de exercicios e problemas. |
| 1º-XHB3.19.2. - Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica. | Nomea exemplos representativos das áreas do saber grego, e recoñece que a cultura europea parte da Grecia clásica. | | | X 6.67% | 3 % | **Procedementos:** Observación sistemática. **Instrumentos:** Rúbrica. |
| 1º-XHB3.21.1. - Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana. | Diferencia obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana. | | | X 4.44% | 2 % | **Procedementos:** Probas específicas. **Instrumentos:** Exposición dun tema. |
| 1º-XHB3.22.1. - Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana. | Describe un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana. | | | X 2.22% | 1 % | **Procedementos:** Probas específicas. **Instrumentos:** Proba obxectiva. |
| 1º-XHB3.22.2. - Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade. | Nomea exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade. | | | X 6.67 % | 3 % | **Procedementos:** Análise das producións dos alumnos/as. **Instrumentos:** Investigacións. |
| 1º-XHB3.22.3. - Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos. | Entende o que significou a romanización. | | | X 4.44 % | 2 % | **Procedementos:** Análise das producións dos alumnos/as. **Instrumentos:** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Traballo de aplicación e síntese. |

## 4. TEMPORALIZACIÓN DA MATERIA

De acordo co establecido pola Orde do 28 de maio de 2018, que aproba o calendario escolar, o presente curso comprenderá aproximadamente 163 días lectivos.
Respecto á programación de todas as materias, realizouse unha temporalización estruturada de acordo coas **tres avaliacións** previstas no PEC: 19 e 20 de decembro, finais de marzo e 24 de xuño.

Tívose ademais en conta o feito de que en setembro e xuño este centro educativo conta con **xornada intensiva,** que conleva unha redución das sesións da materia. Tendo en conta que esta materia, de xeito ordinario, ten unha carga horaria semanal de 3 sesións de 50 minutos, e que nos meses de setembro e outubro é de 45 minutos, e que se disporán dunhas 96 sesións, o reparto de unidades será o seguinte:

| Nº | UD | TEMPORALIZACIÓN | AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|
| 1 | A Terra e a súa representación | 6 sesións | 1ª Avaliación (34 sesións) |
| 2 | O relevo terrestre | 7 sesións | |
| 3 | As augas | 7 sesións | |
| 4 | O tempo e o clima | 7 sesións | |
| 5 | As paisaxes da Terra | 6 sesións | |
| 6 | As persoas e o medio natural | 9 sesións | 2ª Avaliación (37 sesións) |
| 7 | Atlas dos continentes, España e Galicia | 8 sesións | |
| 8 | A Prehistoria | 10 sesións | |
| 9 | As civilizacións fluviais. Mesopotamia | 10 sesións | |
| 10 | O antigo Exipto | 8 sesións | 3ª Avaliación (25 sesións) |
| 11 | A civilización grega: historia, formas de vida | 8 sesións | |
| 12 | A civilización romana: historia, formas de vida | 6 sesións | |
| 13 | Hispania na Antigüidade. O caso de Galicia | 3 sesións | |

Inclúense as sesións dedicadas a repaso, realización de probas escritas, avaliación inicial, etc...

## 5. METODOLOXÍA ESPECÍFICA DA MATERIA

Consideramos que neste nivel da educación obrigatoria é necesario priorizar as estratexias metodolóxicas de **carácter motivador,** que estimulen o interese dos alumnos polos temas tratados na área. Para iso, as Unidades Didácticas desenvolveranse por medio dunha metodoloxía esencialmente activa, limitándose ao máximo a exposición maxistral, que se tentará reducir á explicación dos conceptos máis confusos, buscando a **participación constante dos alumnado na construción dos coñecementos.**
As áreas impartidas facilitan tamén ao dar unha **aplicación práctica** aos temas, partindo no posible do seu **contorno inmediato**, da realidade que eles coñecen, e evitando que lles resulten afastados ou carentes de interese. Dentro do posible tentarase facer algunha saída para observar en directo algúns dos fenómenos estudados na aula: coñecer unha industria ou unha estrutura agraria, visita a un museo de arte contemporánea, etc.

Na aula alternaranse os traballos e actividades **individuais** cos desenvolvidos en **pequeno e gran grupo,** facilitando a **comunicación** entre os alumnos e a súa **participación** na clase. Potenciaranse as estratexias de **busca e tratamento da información**, tanto escrita (prensa, manuais, monografías, etc.) como oral ou visual (medios de comunicación, diapositivas, etc). Dentro de cada unidade comezarase sempre por explorar os coñecementos previos sobre o tema: tormentas de ideas, preguntas na aula..., e a continuación daranse a coñecer os obxectivos, contidos, criterios de avaliación da unidade para que **o alumnado saiba o que se pretende conseguir** en cada momento.

Tentarase ademais atender a cada estudante de forma individualizada e flexibilizar o traballo adaptándose aos distintos **ritmos e estilos de aprendizaxe** dos rapaces e rapazas. Consideramos necesario permitirlle ao alumnado que afonden naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia, e que aporten en todo momento as súas **opinións** sobre o desenvolvemento dos contidos.

Como principios base subliñamos a motivación para captar o interese do alumnado; a prioridade da **comprensión** fronte á repetición mecánica; a **conexión dos temas cos coñecementos previos,** coa actualidade e coa experiencia propia; a **reflexión persoal e crítica;** a **interrelación entre pasado e presente.**

Podemos concluír que buscarase unha **metodoloxía comunicativa, inclusiva e participativ**a, cun **enfoque competencial** que buscará o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de **problemas en contextos da vida real.**

Sendo o obxectivo último o achegamento do alumnado ao feitos e procesos histórico-xeográficos, combinaranse **metodoloxías integradoras** acordes ao principio de **aprendizaxe construtiva**. Os contidos traballaranse gradualmente, priorizando nalgunhas ocasións actividades de tipo máis procedemental, especialmente no comezo do curso para asegurar unhas bases sólidas para o resto do tempo.

Traballarase dun xeito competencial a partires de propostas metodolóxicas de aprendizaxe **baseada en proxectos e traballo colaborativo.**

Por parte do profesorado:

- Explicación oral significativa, apoiándose no libro de texto, en presentacións audiovisuais para unha mellor reconstrución conceptual histórica que serán aloxadas na aula virtual do centro educativo.
- Desenvolvemento temático de carácter acumulativo e progresivo. Cada nova unidade se sustenta no traballado anteriormente.
- Tratamento de fontes documentais que se consideren necesarias, sexan tomadas do libro de texto ou aportadas polo docente, a fin de fomentar os procedementos de indagación e comprensión.
- Fomento da participación, a reflexión e a confrontación de ideas.

Por parte do alumnado:

- Organización dos contidos por medio de esquemas, organigramas e mapas conceptuais.
- Realización de exercicios.
- Corrección na expresión cunha linguaxe específica da disciplina.
- Memorización comprensiva dentro dun proceso continuo de construción dos coñecementos.
- Elaboración de traballos de indagación a partir de fontes diversas (escritas, mapas, imaxes, audiovisuais, informáticas…).

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia do CPI Cernadas de Castro conta con numerosos recursos didácticas: bibliografía, filmografía, colección de diapositivas, mapas, etc.

Dada a cantidade de recursos e a falta de espazo, pois non se conta con Departamento propio, ao longo deste curso vaise continuar coa **revisión, organización e renovación de materiais didácticos** do Departamento que permita a optimización dos recursos existentes e a incorporación doutros novos que se precisan dende hai tempo.

O **material cartográfico** foi revisado o curso pasado e realizouse o expurgo dos mapas innecesarios por estar repetidos ou en malas condicións. O curso pasado levouse a cabo unha redistribución dos mapas de parede, tentando que todas as aulas tiveran alomenos un mapa político-físico do mundo, Europa e España. Convén neste curso facer unha revisión do estado destes mapas en aula. Por outra banda, o curso pasado tamén se fixo unha compra de mapas mudos de Europa e España para traballar co alumnado, cos que se conta aínda para este curso.

Este Departamento ten asignado o uso dun **ordenador portátil** para utilizar nas aulas que non están dotadas con equipamento informático. Solicitarase a **aula de informática** sempre que sexa posible. Dende finais do curso 2015/2016 **todas as aulas contan cun equipamento informático conectado á rede**, facilitando o uso das TIC como recurso esencial.

Dado a grande variedade de recursos didácticos posibles, tentarase diversificar o seu uso, combinando os libros de textos como recurso de consulta e recompilación de documentos, cun gran número de **recursos audiovisuais**, sempre que as condicións técnicas o permitan.

As TIC resultan especialmente motivadoras e o uso da internet é unha fonte de información e recurso didáctico con moito potencial nestas áreas.

Ademais dos recursos do departamento, o centro ten dispoñible unha **cámara de vídeo** e unha **cámara de fotos,** que poderán ser utilizados para diversas actividades.

Ademais, dada a importancia social que teñen os **medios de comunicación** na actualidade, á que se une o seu compoñente motivador, farase imprescindible o uso da **prensa** escrita para ser empregada na análise de informacións, para recompilar datos, etc.

Na materia de Xeografía e Historia de 1ºESO, non será obrigatorio o **libro de texto,** tal e como se decidiu ao finalizar o curso pasado, deixando varios exemplares pertencentes ao fondo de libros na propia aula de 1º da ESO. Por isto non se trata do único recurso a utilizar, empregándose moitos outros aos que se fixo referencia anteriormente. No departamento contamos con exemplares de libros de texto de distintas editoriais. De xeito

xeral, o profesorado da materia elaborará **material propio e adaptado ao alumnado e ao contexto.**

A intención deste departamento é facilitar os **materiais complementarios** que se precisen, como monografías, pequenas bibliotecas de aula, mapas, estatísticas, gráficos, etc. Recentemente fíxose unha compra de mapas mudos políticos e físicos de España e Europa para facilitar ao alumnado.

## 7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA MATERIA

Resulta fundamental ter presente que a finalidade da avaliación ten que ser formativa, pois trátase de detectar en cada intre como se adaptan os alumnos e alumnas individualmente ao proceso de ensinanza-aprendizaxe previsto e corrixir de forma inmediata os erros do mesmo. No procedemento de avaliación desta materia, respectaranse os distintos momentos e funcións naturais da avaliación: inicial, formativa e sumativa.

**7.1.** Ten importancia crucial a **avaliación inicial** coa que valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado e realizarase ao comezo de curso e de cada unidade didáctica ou tema novo. Un instrumento apropiado para esta avaliación pode ser unha **proba inicial escrita ou preguntas orais** como tormenta de ideas, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos, así como destinadas a enlazar o xa aprendido co que se vai a aprender.

**7.2. Tipos de avaliación.** Para que o proceso de avaliación sexa íntegro, todos os axentes implicados no proceso de aprendizaxe deben ser escoitados.

Dende este Departamento óptase por un procedemento de avaliación o máis transparente posible de cara ao alumnado e ás familias, polo que en todo momento se informará tanto dos instrumentos como dos criterios de avaliación e cualificación. Consideramos que se o alumnado coñece cales son os obxectivos de aprendizaxe e como se van avaliar, será máis doado que os acade.

**7.3. Criterios de avaliación**. Os criterios de avaliación seguen estritamente o currículo vixente na nosa comunidade autónoma (Decreto 86/2015). Estes criterios son concretados en indicadores de avaliación para cada unidade didáctica, de tal xeito que nos permiten a

súa relación directa coas competencias que se traballan con cada un deles.

- B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.
- B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas
- B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.
- B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
- B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.
- B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.
- B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.
- B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.
- B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.
- B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.
- B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.
- B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.
- B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.
- B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.
- B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez

no tempo (diacronía e sincronía).

- B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.
- B3.6. Entender o proceso de hominización.
- B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.
- B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.
- B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.
- B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos.
- B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico.
- B3.12. Recoñecer a importancia da descuberta da escritura.
- B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto.
- B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia.
- B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia.
- B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.
- B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización.
- B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.
- B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.
- B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.
- B3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.
- B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.

**7.4. Instrumentos de avaliación** a utilizar nas distintas materias serán variados para atender aos distintos estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, entre os que destacamos os seguintes:

- Probas de avaliación inicial para detectar o punto de partida de cada un dos alumnos, e as súas posibles carencias e necesidades (véxase apartado específico).
- Observación diaria na aula e libro de rexistro: realización ou non dos traballos, esforzo individual, participación nas tarefas en grupo, etc
- Análise dos traballos individuais, normalmente de carácter escrito (comentarios de textos, elaboración e comentarios de gráficas, proxecto emprendedor, traballos monográficos, etc.)
- Traballos en grupo, preferentemente en formato audiovisual, para ser expostos na aula que poderán ser avaliados con listaxes de control.
- Rúbricas como elemento primordial para coñecer o grao de desempeño dunha competencia.
- Probas escritas de carácter sumativo, normalmente ao rematar cada unidade, ou de cada dúas con conceptos dificilmente avaliables por outras vías.

## 7.5. Procedemento de cualificación e promoción

<table>
<tr><td colspan="2">PUNTUACIÓNS</td></tr>
<tr><td colspan="2">Serán numéricas, arredondada á unidade máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior. As probas escritas puntuaranse numericamente do 0 ao 10, sendo o aprobado o 5. As rúbricas establecerán 4 columnas de nivel de desempeño, sendo o nivel C o mínimo para superar.</td></tr>
<tr><td colspan="2">BAREMACIÓN PARA AS CUALIFICACIÒNS</td></tr>
<tr><td rowspan="2">NOTA DE AVALIACIÓN</td><td>A cualificación resultará da media de todas as unidades impartidas.<br>A ponderación dos instrumentos de avaliación será a que segue:<br>-Probas de adquisición de contidos (exames escritos, 2 por avaliación, realizarase a media entre os realizados, sempre a partires do 2’5 como nota mínima): 60%<br>-Traballo en clase: 40%</td></tr>
<tr><td>Para ter superada a avaliación o alumnado deberá ter superados os mínimos esixidos referidos a cada estándar (ver apartado 5)</td></tr>
<tr><td>NOTA FINAL EN CONVOCATORIA ORDINARIA</td><td>A media aritmética das cualificacións das tres avaliacións superadas.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| NOTA FINAL EN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA | A cualificación obtida na proba escrita de setembro. |
| ESPECIFICACIÓNS | |
| Todas as probas e actividades propostas terán especificada a puntuación que corresponda e que determinará en cada momento o profesorado grazas aos distintos instrumentos de avaliación. | |
| Non se repetirán actividades e probas nos casos de non asistencia, agás en circunstancias excepcionais como enfermidade debidamente xustificada. As actividades e probas non realizadas poderán facerse na recuperación para tal efecto. | |
| Calquera proba na que se teña copiado terá como consecuencia inmediata a anulación de dita proba, polo que deberase realizar a recuperación de toda a avaliación. De tratarse dunha proba de recuperación , o exame queda suspenso e pendente para as probas de suficiencia, de copiar nestas probas quedará pendente para setembro e de copiar nesta convocatoria, a materia queda suspensa para o vindeiro curso. | |
| Os exames e/ou probas escritas poderán ir seguidas da correspondente contrastación oral sempre que o profesor o considere oportuno, por exemplo se hai sospeita de que un alumno teña copiado. Esta proba oral se realizará nun prazo non superior aos catro días despois da dita proba escrita. | |
| ASISTENCIA E COMPORTAMENTO | |
| No caso de faltas de orde graves, impuntualidade, carencia reiterada do material preciso, comunicarase ao equipo directivo para levar a cabo as medidas oportunas recollidas no proxecto educativo do centro. | |

## 7.6. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

| | |
|---|---|
| **¿QUÉ AVALIAR?** | O cumprimento da temporalización<br>Logro dos obxectivos<br>Cumprimento dos acordos<br>Dificultades atopadas<br>Necesidades atopadas<br>Resultados de aprendizaxe acadados<br>Idoneidade dos recursos empregados<br>Eficacia das actividades de reforzo e recuperación |
| **¿COMO AVALIAR?** | Autoavaliación: análise individual das dificultades atopadas, as necesidades, os puntos fortes (Axúntase táboa de autoavaliación). |
| **¿CANDO AVALIAR?** | Mensualmente: seguimento da programación, reunións de departamento<br>Por avaliación: seguimento e cumprimento da programación<br>Ao finalizar o curso: cumprimento e resultados de aprendizaxe. |
| **MEDIDAS A TOMAR** | No momento que sexa preciso e así se acorde, introduciranse os cambios ou axustes necesarios que se farán constar en acta de reunión de departamento e na memoria final de curso, onde tamén se indicarán as necesidades de modificación para o seguinte curso. |

### 7.7. Procedemento para avaliar a programación

| | |
|---|---|
| **¿QUÉ AVALIAR?** | A adecuación da temporalización<br>Consecución dos obxectivos<br>Dificultades atopadas para a posta en práctica da programación<br>Idoneidade dos recursos propostos<br>Necesidades e propostas de mellora |
| **¿COMO AVALIAR?** | Autoavaliación: análise individual das dificultades atopadas, as necesidades, os puntos fortes.<br>Avalición grupal do departamento: posta en común e procura de solucións<br>Enquisa da práctica do centro polo alumnado a final de curso |
| **¿CANDO AVALIAR?** | Mensualmente: seguimento da programación, reunións de departamento<br>Por avaliación: seguimento e cumprimento da programación<br>Ao finalizar o curso: cumprimento e resultados de aprendizaxe. |
| **MEDIDAS A TOMAR** | No momento que sexa preciso e así se acorde, introduciranse os cambios ou axustes necesarios que se farán constar en acta de reunión de departamento e na memoria final de curso, onde tamén se indicarán as necesidades de modificación para o seguinte curso. |

## 8. PLAN DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

O alumnado con materias pendentes combinará a realización de traballos prácticos ao longo do curso que se recollerán periodicamente por trimestre, e un único exame final.

**8.1. Instrumentos de avaliación.** A profesora que que imparte a materia, e Xefa de Departamento, é a encargada de supervisar as distintas actividades de avaliación encamiñadas á superación das materias pendentes.

Ditas actividades de avaliación consistirán na realización dunha serie de **actividades e tarefas** entregadas a/o alumno/a en **cada trimestre**, e que este/a deberá entregar antes da data fixada polo profesor como límite. De non ter entregado as tarefas de forma satisfactoria os alumnos/as coa materia pendente deberán realizar unha **proba escrita no mes de maio.**

Periodicamente, o profesorado prestará **apoio** e atenderá ás dificultades e resolverá as dúbidas que o alumnado poida presentar con respecto aos exercicios propostos.

**8.2. Criterios de avaliación e cualificación** para superar as materias pendentes pola avaliación continua. Os criterios de avaliación, os contidos e as competencias a desenvolver serán os que se especifican como mínimos esixibles en cada un dos cursos da secundaria.

A entrega correcta e dentro dos prazos previstos dos traballos encomendados aos alumnos con materias pendentes suporá aprobar a materia. Superar o exame escrito que se realizará en maio suporá aprobar a materia.

En caso de avaliación negativa no mes de maio, poderán presentarse a un exame de **avaliación extraordinaria en setembro.**

## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste nivel educativo é máis frecuente que nos cursos de primaria a existencia de alumnado con moi **diferentes necesidades educativas** debido ás súas diversas capacidades, motivacións, estilos de aprendizaxe e intereses. Por iso é necesario ofrecer diferentes respostas dentro da aula, que se poden concretar nos seguintes aspectos:

No referido ós obxectivos didácticos, procuraremos un **equilibro entre os distintos tipos de capacidades** a desenvolver, de forma que o alumnado atope diferentes vías para alcanzar os mesmos obxectivos.

- Capacidades cognitivas: obxectivos referidos a identificar, recoñecer, etc.
- Capacidades afectivas: obxectivos referidos á valoración e aprecio do patrimonio.
- Capacidades de inserción social: obxectivos orientados á valoración das repercusións de diversos feitos, á mellora do contorno social, etc.
- Capacidades de relación interpersoal: realización de tarefas en grupo, participación en debates.

- Ademais disto priorizaranse as capacidades transversais, polo que o alumnado que non consiga algún obxectivo da etapa a través da área de Ciencias Socias, Xeografía e Historia, pode facelo a través das outras áreas.

No referido os contidos tentarase:

- Fixar **prioridades**, é dicir, distinguir entre os contidos substanciais, que resultan básicos e clave, e outras contidos accidentais que poden ser complementarios dos anteriores.
- Establecer un **equilibrio entre os distintos tipos de contidos** (conceptos, procedementos e actitudes), tal e como se fixo cos distintos tipos de capacidades nos obxectivos didácticos.

Hai unha serie de **medidas de aula** que favorecen o desenvolvemento da diversidade e que en parte sinalamos no apartado de metodoloxía:

- Uso de **metodoloxías diversa**s, combinando os métodos de exposición e indagación.
- **Actividades diferenciadas** para acadar un grao ou outro de afondamento nos obxectivos. O alumnado que desexe ampliar coñecemento poderá realizar actividades aportadas polo profesorado.
- **Materiais heteroxéneos**, combinando o libro de texto ou as monografías específicas con medios audiovisuais que contribúan a reforzar a motivación ou a aportar tarefas específicas a alumnos con dificultades de aprendizaxe.
- **Agrupamentos flexibles**, de forma que o alumnado poidan ser cambiados de lugar en función das necesidades da clase, sobre todo para o traballo en pequeno e gran grupo.
- Utilización de **ritmos distintos**, acordes coas capacidades e posibilidades dos alumnos e alumnas.

No tocante aos recursos didácticos utilizados, aquelas persoas con algunha discapacidade temporal ou permanente, recibirán unha atención personalizada co apoio de institucións externas e o departamento de Orientación, buscando en todo momento o principio de **accesibilidade universal.**

Teranse ademais en conta as **pautas de actuación** marcadas polo Departamento para todos aqueles casos que así o precisen (atención a alumnado con **TDAH)**.

Na avaliación procurarase:

- Deseñar distintos **niveis de complexidade**, diferenciando graos de dificultade: que recoñeza e identifique, que analice e valore, que analice e valore criticamente a información. Tentarase que cada alumno alcance os tres niveis, pero o grao de

abstracción e dificultade de cada un permitirá diversificar os resultados do alumnado.

- Partindo das **avaliacións iniciais** ao principio de curso e en cada unidade, considerarase a necesidade de utilizar **reforzos** ou **exercicios complementarios**.
- Utilizaranse **estratexias e instrumentos de avaliación variados,** como expoñemos no apartado de avaliación, para contribuír á atención á diversidade.

Finalmente, para aqueles alumnos/as que non consigan acadar os obxectivos mínimos a través de todas estas medidas ordinarias de aula, recorrerase a:

- **Reforzos educativos,** consistentes nun tratamento personalizado da materia coa realización de exercicios específicos. O alumnado que precise dun reforzo haberán de alcanzar, en calquera caso, os obxectivos mínimos da materia para obter unha avaliación positiva.
- **Adaptacións curriculares individualizadas**, realizadas en colaboración co Departamento de Orientación e que poderán incidir tanto nos contidos como na metodoloxía e mesmo nos obxectivos, con probas deseñadas particularmente para os alumnos e alumnas que o necesitasen.

## 10. TEMAS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES

Referido este punto á igualdade efectiva entre homes e mulleres, a **prevención da violencia de xénero** ou contra persoas con discapacidade; así como os valores inherentes ao principio de **igualdade de trato e non discriminación** por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Promoverase a aprendizaxe da prevención e **resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración das vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Esta programación contempla a **prevención da violencia de xénero**, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

**Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipo**s que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Con respecto á **seguridade viaria.** Promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

## 11. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Dende este departamento e as áreas impartidas contribúese ao plan de convivencia participando en todas as accións propostas. Para iso, levaranse a cabo en todas as materias pola súa propia natureza **promovendo a educación nunha convivencia democrática,** o respecto á **liberdade de conciencia e convicción relixiosa,** o **respecto ás normas de convivencia do centro**, o fomento dun **clima positivo** de convivencia, mantemento dun comportamento adecuado tanto centro como fóra da aula.

As actividades serán tanto diarias como aquelas ofertadas polo centro, por exemplo, **conmemoracións** ou participación en programas que favorezan a convivencia dos membros da comunidade escolar. Neste curso celebraremos, levando a cabo distintas accións, as seguintes conmemoracións recollidas pola Orde do 12 de xuño de 2017, que aproba o calendario escolar:

25 de novembro de 2017: **Día Internacional contra a Violencia de Xénero**

30 de xaneiro de 2018: **Día Escolar da Non Violencia e a Paz**

## 12. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

As TIC resultan imprescindibles na área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, porque aumentan as posibilidades de comunicación, axilizan os intercambios e mesmo poden propiciar formas de **traballo cooperativo** que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos.

Algúns dos usos das TIC que temos previsto facer son os seguintes:

- **Busca de información** en diferentes páxinas web, que serán aportadas polo profesorado (nunca deixando ao criterio do alumnado a busca libre na rede) para completar traballos de Historia ou Xeografía. Así por exemplo, no 1º ciclo farán traballos sobre a situación da muller no mundo, a inmigración, os dereitos humanos.. Estas buscas de información formarán parte sempre de traballos perfectamente estruturados, para facilitarlle ao alumnado as labores de selección e organización dos datos.
- Será fundamental o uso de ferramentas como **Google Maps e Google Earth,** non soamente nas materias con contido xeográfico, senón tamén ao abordar contidos de Historia e Arte.
- Potenciarase o uso de páxinas oficiais como **INE**, **IGE** ou **Instituto de Estudos do Territorio.**
- Utilización de programas informáticos como **Power Point** para facer exposicións na clase, tanto por parte do profesorado como do alumnado.
- Utilización de **ferramentas de autor** de elaboración propias ou alleas, respectando e promovendo o respecto á propiedade intelectual. En concreto, na materia da  serán moi utilizados este tipo de recursos, dado que non está estipulado o uso dun libro de texto en concreto. Para un mellor desenvolvemento da sección, a profesora encargada das dúas materias, elaborará material propio e adaptado á realidade do alumnado deste centro.

## 13. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Dende este Departamento de CCSS, Xeografía e Historia desexamos, dende as nosas materias, introducir elementos que **promovan a adquisición das competencias no ámbito da lectura** (véxase destreza lectora e escritora). Para iso, é preciso programar e

deixar explícitas as actividades que pretendemos levar a cabo en relación co plan lector do centro.

As materias obxecto desta programación contribúen a desenvolver o dominio das habilidades de **ler e escribir diferentes tipos de textos,** cada vez máis complexos, e que resultan fundamentais como elementos de **información social e histórica.** Nese sentido, consideramos que a formación de lectores capacitados debe comezar por un achegamento aos textos máis sinxelos e cunha linguaxe adaptada aos alumnos e alumnas. No caso das Ciencias Sociais, posúen un léxico complexo e moitas veces novidoso, que será conveniente presentar de **forma gradual**. Así, os estudantes dos cursos inferiores traballarán de forma máis habitual con textos adaptados, procedentes dos libros do seu nivel, para ir despois atopando esa linguaxe específica en textos xornalísticos ou monografías especializadas. Dende primeiro curso, facilitarase tamén a lectura de **gráficos e táboas**, que irán gañando en complexidade nos dous últimos anos.

Na aula desenvolveranse a diario estratexias de **comprensión lectora e destreza escritora**:

- **Lectura en voz alta**. Cada día varios estudantes lerán por quenda en voz alta, durante non menos de dez minutos, diferentes parágrafos, ben do libro de texto, ben de artigos de xornais ou outro tipo de textos aportados polo profesorado. O profesorado realizará a continuación unha serie de preguntas, tamén en voz alta, para comprobar o grao de comprensión adquirido pola clase. Por último, explicará todos aqueles aspectos que non quedaran suficientemente claros.
- **Lectura en voz baixa**. Polo menos un día na semana o profesorado dedicará quince minutos á lectura individual dalgún texto, que poderá ser tamén do libro ou un recurso que considere interesante, sobre o cal o alumnado realizará actividades escritas que servirán para coñecer o nivel de comprensión acadado por cada un deles.

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

En relación ás actividades **complementarias**, este Departamento participará en todas aquelas que organice o centro de acordo co proxecto curricular e que se consideren de interese para as materias.

- Actividades organizadas por este Departamento no centro educativo: visión de audiovisuais.
- Actividades de temas transversais organizadas polo Departamento de Orientación que poden ser integradas no currículo destas materias.
- Actividades organizadas por outros Departamentos didácticos que poidan ser integradas na programación prevista.
- Actividades interdisciplinares organizadas pola Dirección do centro educativo ou polos equipos de Dinamización Lingüística, equipo da Biblioteca, equipo TIC, equipo de actividades extraescolares.

Polo que respecta ás actividades **extraescolares**, o Departamento buscarase en todo momento a colaboración co resto dos Departamentos Didácticos para programar as actividades de xeito interdisciplinar para unha optimización das actividades e maior aproveitamento didáctico.

## 15. DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ALUMNADO E A COMUNIDADE ESCOLAR

De acordo co establecido pola Orde do 12 de xuño de 2017, que aproba o calendario escolar, ao inicio do curso darase a coñecer ao alumnado e a comunidade escolar dará a **información básica relativa ás programacións didácticas**, incluíndo obxectivos, contidos e criterios de avaliación, mínimos esixibles para obter valoración positiva, criterios de cualificación e procedementos de avaliación que se van utilizar.

Ademais, para dar a maior difusión posible e garantir a súa publicidade, as programacións estarán a disposición do alumnado e das familias na páxina **web do centro educativo**. Por último, o alumnado terá á súa disposición unha **síntese da programación** na súa aula de referencia para que poidan facer en calquera momento unha consulta da mesma.

## 16. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS NO PROCESO EDUCATIVO

Facilitarase en todo momento a **participación** e **implicación** das familias no proceso educativo. Dende o comezo farase a maior difusión posible da programación das materias e organizarase unha reunión coas familias que desexen coñecer máis polo miúdo as características propias de cada materia.

Ao longo do proceso ensinanza-aprendizaxe farase un seguimento e acompañamento. Ademais do asesoramento nos aspectos pedagóxicos concretos de cada estudante, **informarase** periodicamente do desenvolvemento do alumno ou alumna na aula e no centro.

Fomentarase a participación nas actividades complementarias que se organicen dende este Departamento. A familia será un aspecto clave na aprendizaxe, sendo o **referente** máis próximo do alumnado, por iso, con frecuencia moitas actividades de aprendizaxe destas materias terán como punto de partida o contorno máis próximo.

En definitiva, potenciarase a relación, **comunicación** e transparencia ao máximo posible. Informarase á sobre a avaliación do proceso ensinanza-aprendizaxe.

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# XEOGRAFÍA E HISTORIA

# 2º ESO

curso 2018-2019

Profesor da materia: Román Sanz Freire

# 1. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

**1.1. Enfoque competencial da materia.** Este Departamento didáctico parte do convicción de que os profundos e rápidos cambios que experimenta a nosa sociedade e o mundo do coñecemento e a tecnoloxía, esixen **novos enfoques de aprendizaxe** nos nosos centros educativos, tal e como amosan as últimas políticas educativas nacionais e supranacionais.

Consideramos que neste nivel da educación obrigatoria é necesario priorizar as estratexias metodolóxicas de **carácter motivador,** que estimulen o interese dos alumnos polos temas tratados na área. Para iso, as Unidades Didácticas desenvolveranse por medio dunha metodoloxía esencialmente activa, limitándose ao máximo a exposición maxistral, que se tentará reducir á explicación dos conceptos máis confusos, buscando a **participación constante dos alumnado na construción dos coñecementos.**
As áreas impartidas facilitan tamén ao dar unha **aplicación práctica** aos temas, partindo no posible do seu **contorno inmediato**, da realidade que eles coñecen, e evitando que lles resulten afastados ou carentes de interese. Dentro do posible tentarase facer algunha saída para observar en directo algúns dos fenómenos estudados na aula: coñecer unha industria ou unha estrutura agraria, visita a un museo de arte contemporánea, etc.

Na aula alternaranse os traballos e actividades **individuais** cos desenvolvidos en **pequeno e gran grupo,** facilitando a **comunicación** entre os alumnos e a súa **participación** na clase. Potenciaranse as estratexias de **busca e tratamento da información**, tanto escrita (prensa, manuais, monografías, etc.) como oral ou visual (medios de comunicación, diapositivas, etc). Dentro de cada unidade comezarase sempre por explorar os coñecementos previos sobre o tema: tormentas de ideas, preguntas na aula..., e a continuación daranse a coñecer os obxectivos, contidos, criterios de avaliación da unidade para que **o alumnado saiba o que se pretende conseguir** en cada momento.

Tentarase ademais atender a cada estudante de forma individualizada e flexibilizar o traballo adaptándose aos distintos **ritmos e estilos de aprendizaxe** dos rapaces e rapazas. Consideramos necesario permitirlle ao alumnado que afonden naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia, e que aporten en todo momento as súas **opinións** sobre o desenvolvemento dos contidos.

Como principios base sublíñamos a motivación para captar o interese do alumnado; a prioridade da **comprensión** fronte á repetición mecánica; a **conexión dos temas cos**

**coñecementos previos,** coa actualidade e coa experiencia propia; a **reflexión persoal e crítica;** a **interrelación entre pasado e presente.**

Podemos concluír que buscarase unha **metodoloxía comunicativa, inclusiva e participativ**a, cun **enfoque competencial** que buscará o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de **problemas en contextos da vida real.**

Sendo o obxetivo último o achegamento do alumnado ao feitos e procesos histórico-xeográficos, combinaranse metodoloxías integradoras acordes ao principio de aprendizaxe construtiva. Os contidos traballaranse gradualmente, priorizando nalgunhas ocasións actividades de tipo procedemental, especialmente no comezo do curso para asegurar unhas bases sólidas para o resto do tempo.

Por parte do profesorado:

- Explicación oral significativa, apoiándose no libro de texto, en presentacións audiovisuais para unha mellor reconstrución conceptual histórica que serán aloxadas na aula virtual do centro educativo.
- Desenvolvemento temático de carácter acumulativo e progresivo. Cada nova unidade se sustenta no traballado anteriormente.
- Tratamento de fontes documentais que se consideren necesarias, sexan tomadas do libro de texto ou aportadas polo docente, a fin de fomentar os procedementos de indagación e comprensión.
- Fomento da participación, a reflexión e a confrontación de ideas.

Por parte do alumnado:

- Organización dos contidos por medio de esquemas, organigramas e mapas conceptuais.
- Realización de exercicios.
- Corrección na expresión cunha linguaxe específica da disciplina.
- Memorización comprensiva dentro dun proceso continuo de construción dos coñecementos.
- Elaboración de traballos a partir de fontes diversas (escritas, mapas, imaxes, audiovisuais, informáticas…).

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia do CPI Cernadas de Castro conta con numerosos recursos didácticos: bibliografía, filmografía, colección de diapositivas, mapas, etc.
Este Departamento ten asignado o uso dun **ordenador portátil** que se utiliza para utilizar nas aulas que non están dotadas con equipamento informático. Solicitarase a **aula de informática** sempre que sexa posible, especialmente para as materias de Economía e en Xeografía e Historia. Dende finais do curso 2015/2016 **todas as aulas contan cun equipamento informático conectado á rede**, facilitando o uso das TIC como recurso esencial.

Dado a grande variedade de recursos didácticos posibles, tentarase diversificar o seu uso, combinando os libros de textos como recurso de consulta e recompilación de documentos, cun gran número de **recursos audiovisuais**, sempre que as condicións técnicas o permitan.

As TIC resultan especialmente motivadoras e o uso da internet é unha fonte de información e recurso didáctico con moito potencial nestas áreas.

Ademais dos recursos do departamento, o centro ten dispoñible unha **cámara de vídeo** e unha **cámara de fotos,** que poderán ser utilizados para diversas actividades.

Na materia de Xeografía e Historia de 2º ESO, non será obrigatorio o libro de texto, tal e como se decidiu ao finalizar o curso pasado, deixando varios exemplares pertencentes ao fondo de libros na propia aula de 2º da ESO. Por isto non se trata do único recurso a utilizar, empregándose moitos outros aos que se fixo referencia anteriormente. No departamento contamos con exemplares de libros de texto de distintas editoriais. De xeito xeral, o profesorado da materia elaborará material propio e adaptado ao alumnado e ao contexto.

Outro aspecto fundamental é o propio **caderno do alumno**, que deberá cumprir coas normas básicas de presentación e que será o referente do traballo realizado na aula polo alumnado. Na presentación de traballos e proxectos o profesorado indicará unhas directrices de presentación que se deben cumprir.

## 7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA MATERIA

Resulta fundamental ter presente que a finalidade da avaliación ten que ser formativa, pois trátase de detectar en cada intre como se adaptan os alumnos e alumnas

individualmente ao proceso de ensinanza-aprendizaxe previsto e corrixir de forma inmediata os erros do mesmo. No procedemento de avaliación desta materia, respectaranse os distintos momentos e funcións naturais da avaliación: inicial, formativa e sumativa.

**7.1.** Ten importancia crucial a **avaliación inicial** coa que valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado e realizarase ao comezo de curso e de cada unidade didáctica ou tema novo. Un instrumento apropiado para esta avaliación pode ser unha **proba inicial escrita ou preguntas orais** como tormenta de ideas, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos, así como destinadas a enlazar o xa aprendido co que se vai a aprender.

Dende este Departamento óptase por un procedemento de avaliación o máis transparente posible de cara ao alumnado e ás familias, polo que en todo momento se informará tanto dos instrumentos como dos criterios de avaliación e cualificación. Consideramos que se o alumnado coñece cales son os obxectivos de aprendizaxe e como se van avaliar, será máis doado que os acade.

**7.2. Criterios de avaliación.** Os criterios de avaliación seguen estritamente o currículo vixente na nosa comunidade autónoma (Decreto 86/2015). Estes criterios son concretados en indicadores de avaliación para cada unidade didáctica, de tal xeito que nos permiten a súa relación directa coas competencias que se traballan con cada un deles.

B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.

B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais.

B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.

B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.

B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.

B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia.

B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias.

B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións.

B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación.

B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.

B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios

B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.

B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa.

B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano.

B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular.

B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas.

B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas.

B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.

B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.

B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.

B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).

B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto

adecuado.

B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período.

B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.

B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.

B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.

B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus.

B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.

B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.

**7.3. Os instrumentos de avaliación** a utilizar nas distintas materias serán variados para atender aos distintos estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, entre os que destacamos os seguintes:

- Probas de avaliación inicial para detectar o punto de partida de cada un dos alumnos, e as súas posibles carencias e necesidades (véxase apartado específico).
- Observación diaria na aula e libro de rexistro: realización ou non dos traballos, esforzo individual, participación nas tarefas en grupo, etc
- Análise dos traballos individuais, normalmente de carácter escrito (comentarios de textos, elaboración e comentarios de gráficas, proxecto emprendedor, traballos monográficos, etc.)
- Traballos en grupo, preferentemente en formato audiovisual, para ser expostos na aula que poderán ser avaliados con listaxes de control.
- Rúbricas como elemento primordial para coñecer o grao de desempeño dunha competencia.
- Probas escritas de carácter sumativo, normalmente ao rematar cada unidade, ou de cada dúas con conceptos dificilmente avaliables por outras vías.

O profesorado levará rexistro das evidencias da aprendizaxe do alumnado.

## 7.4. Procedemento de cualificación e promoción

<table>
<tr><td colspan="2">PUNTUACIÓNS</td></tr>
<tr><td colspan="2">Serán numéricas, arredondada á unidade máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior. As probas escritas puntuaranse numericamente do 0 ao 10, sendo o aprobado o 5. As rúbricas establecerán 4 columnas de nivel de desempeño, sendo o nivel C o mínimo para superar.</td></tr>
<tr><td colspan="2">BAREMACIÓN PARA AS CUALIFICACIÒNS</td></tr>
<tr><td rowspan="2">NOTA DE AVALIACIÓN</td><td>A cualificación resultará da media de todas as unidades impartidas.<br>A ponderación dos instrumentos de avaliación será a que segue:<br>-Probas de adquisición de contidos (exames escritos, traballos individuais ou en grupo, traballos de investigación, tarefas entregadas, etc.): 60%<br>-Traballos de aula: 40%</td></tr>
<tr><td>Para ter superada a avaliación o alumnado deberá ter superados os mínimos esixidos referidos a cada estándar (ver apartado 5)</td></tr>
<tr><td>NOTA FINAL EN CONVOCATORIA ORDINARIA</td><td>A media aritmética das cualificacións das tres avaliacións superadas.</td></tr>
<tr><td>NOTA FINAL EN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</td><td>A cualificación obtida na proba escrita de setembro.</td></tr>
<tr><td colspan="2">ESPECIFICACIÓNS</td></tr>
<tr><td colspan="2">Todas as probas e actividades propostas terán especificada a puntuación que corresponda e que determinará en cada momento o profesorado grazas aos distintos instrumentos de avaliación.</td></tr>
<tr><td colspan="2">Non se repetirán actividades e probas nos casos de non asistencia, agás en circunstancias excepcionais como enfermidade debidamente xustificada. As actividades e probas non realizadas poderán facerse na recuperación para tal efecto.</td></tr>
<tr><td colspan="2">Calquera proba na que se teña copiado terá como consecuencia inmediata a anulación de dita proba, polo que deberase realizar a recuperación de toda a avaliación. De tratarse dunha proba de recuperación , o exame queda suspenso e pendente para as probas de suficiencia, de copiar nestas probas quedará pendente para setembro e de copiar nesta convocatoria, a materia queda suspensa para o vindeiro curso.</td></tr>
<tr><td colspan="2">Os exames e/ou probas escritas poderán ir seguidas da correspondente contrastación oral sempre que o profesor o considere oportuno, por exemplo se hai sospeita de que un alumno teña copiado. Esta proba oral se realizará nun prazo non superior aos catro días despois da dita proba escrita.</td></tr>
<tr><td colspan="2">ASISTENCIA E COMPORTAMENTO</td></tr>
<tr><td colspan="2">No caso de faltas de orde graves, impuntualidade, carencia reiterada do material preciso, comunicarase ao equipo directivo para levar a cabo as medidas oportunas recollidas no proxecto educativo do centro.</td></tr>
</table>

## 7.5. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

| | |
|---|---|
| **¿QUÉ AVALIAR?** | O cumprimento da temporalización<br>Logro dos obxectivos<br>Cumprimento dos acordos<br>Dificultades atopadas<br>Necesidades atopadas<br>Resultados de aprendizaxe acadados<br>Idoneidade dos recursos empregados<br>Eficacia das actividades de reforzo e recuperación |
| **¿COMO AVALIAR?** | Autoavaliación: análise individual das dificultades atopadas, as necesidades, os puntos fortes (Adxúntase táboa de autoavaliación). |
| **¿CANDO AVALIAR?** | Mensualmente: seguimento da programación, reunións de departamento<br>Por avaliación: seguimento e cumprimento da programación<br>Ao finalizar o curso: cumprimento e resultados de aprendizaxe. |
| **MEDIDAS A TOMAR** | No momento que sexa preciso e así se acorde, introduciranse os cambios ou axustes necesarios que se farán constar en acta de reunión de departamento e na memoria final de curso, onde tamén se indicarán as necesidades de modificación para o seguinte curso. |

## 7.6. Procedemento para avaliar a programación

| | |
|---|---|
| **¿QUÉ AVALIAR?** | A adecuación da temporalización<br>Consecución dos obxectivos<br>Dificultades atopadas para a posta en práctica da programación<br>Idoneidade dos recursos propostos<br>Necesidades e propostas de mellora |
| **¿COMO AVALIAR?** | Autoavaliación: análise individual das dificultades atopadas, as necesidades, os puntos fortes.<br>Avalición grupal do departamento: posta en común e procura de solucións<br>Enquisa da práctica do centro polo alumnado a final de curso |
| **¿CANDO AVALIAR?** | Mensualmente: seguimento da programación, reunións de departamento<br>Por avaliación: seguimento e cumprimento da programación<br>Ao finalizar o curso: cumprimento e resultados de aprendizaxe. |
| **MEDIDAS A TOMAR** | No momento que sexa preciso e así se acorde, introduciranse os cambios ou axustes necesarios que se farán constar en acta de reunión de departamento e na memoria final de curso, onde tamén se indicarán as necesidades de modificación para o seguinte curso. |

# 8. PLAN DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

O alumnado con materias pendentes, combinará a realización de traballos prácticos ao longo do curso que se recollerán periodicamente por trimestre, e un único exame final.

**8.1. Instrumentos de avaliación.** A xefatura de departamento, será o encargado de supervisar as distintas actividades de avaliación encamiñadas á superación das materias pendentes.

Ditas actividades de avaliación consistirán na realización dunha serie de **actividades e tarefas** entregadas a/o alumno/a en **cada trimestre**, e que este/a deberá entregar antes da data fixada polo profesor como límite. Ou deberán realizar unha **proba escrita no mes de maio.**

Periodicamente, o profesorado prestará **apoio** e atenderá ás dificultades e resolverá as dúbidas que o alumnado poida presentar con respecto aos exercicios propostos.

**8.2. Criterios de avaliación e cualificación** para superar as materias pendentes pola avaliación continua. Os criterios de avaliación, os contidos e as competencias a desenvolver serán os que se especifican como mínimos esixibles en cada un dos cursos da secundaria.

A entrega correcta e dentro dos prazos previstos dos traballos encomendados aos alumnos con materias pendentes suporá o aprobado, de non ser entregados correctamente poderá presentarse á proba escrita.

En caso de avaliación negativa no mes de maio, poderán presentarse a un exame de **avaliación extraordinaria en setembro.**

## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste nivel educativo é máis frecuente que nos cursos de primaria a existencia de alumnado con moi **diferentes necesidades educativas** debido ás súas diversas capacidades, motivacións, estilos de aprendizaxe e intereses. Por iso é necesario ofrecer diferentes respostas dentro da aula, que se poden concretar nos seguintes aspectos:

No referido ós obxectivos didácticos, procuraremos un **equilibro entre os distintos tipos de capacidades** a desenvolver, de forma que o alumnado atope diferentes vías para alcanzar os mesmos obxectivos.

- Capacidades cognitivas: obxectivos referidos a identificar, recoñecer, etc.
- Capacidades afectivas: obxectivos referidos á valoración e aprecio do patrimonio.
- Capacidades de inserción social: obxectivos orientados á valoración das repercusións de diversos feitos, á mellora do contorno social, etc.
- Capacidades de relación interpersoal: realización de tarefas en grupo, participación en debates.
- Ademais disto priorizaranse as capacidades transversais, polo que o alumnado que non consiga algún obxectivo da etapa a través da área de Ciencias Socias, Xeografía e Historia, pode facelo a través das outras áreas.

No referido os contidos tentarase:

- Fixar **prioridades**, é dicir, distinguir entre os contidos substanciais, que resultan básicos e clave, e outras contidos accidentais que poden ser complementarios dos anteriores.
- Establecer un **equilibrio entre os distintos tipos de contidos** (conceptos, procedementos e actitudes), tal e como se fixo cos distintos tipos de capacidades nos obxectivos didácticos.

Hai unha serie de **medidas de aula** que favorecen o desenvolvemento da diversidade e que en parte sinalamos no apartado de metodoloxía:

- Uso de **metodoloxías diversa**s, combinando os métodos de exposición e indagación.
- **Actividades diferenciadas** para acadar un grao ou outro de afondamento nos obxectivos. O alumnado que desexe ampliar coñecemento poderá realizar actividades aportadas polo profesorado.
- **Materiais heteroxéneos**, combinando o libro de texto ou as monografías específicas con medios audiovisuais que contribúan a reforzar a motivación ou a aportar tarefas específicas a alumnos con dificultades de aprendizaxe.
- **Agrupamentos flexibles**, de forma que o alumnado poidan ser cambiados de lugar en función das necesidades da clase, sobre todo para o traballo en pequeno e gran grupo.

- Utilización de **ritmos distintos**, acordes coas capacidades e posibilidades dos alumnos e alumnas.

No tocante aos recursos didácticos utilizados, aquelas persoas con algunha discapacidade temporal ou permanente, recibirán unha atención personalizada co apoio de institucións externas e o departamento de Orientación, buscando en todo momento o principio de **accesibilidade universal.**

Teranse ademais en conta as **pautas de actuación** marcadas polo Departamento para todos aqueles casos que así o precisen (atención a alumnado con **TDAH)**.

Na avaliación procurarase:

- Deseñar distintos **niveis de complexidade**, diferenciando graos de dificultade: que recoñeza e identifique, que analice e valore, que analice e valore criticamente a información. Tentarase que cada alumno alcance os tres niveis, pero o grao de abstracción e dificultade de cada un permitirá diversificar os resultados do alumnado.
- Partindo das **avaliacións iniciais** ao principio de curso e en cada unidade, considerarase a necesidade de utilizar **reforzos** ou **exercicios complementarios**.
- Utilizaranse **estratexias e instrumentos de avaliación variados,** como expoñemos no apartado de avaliación, para contribuír á atención á diversidade.

Finalmente, para aqueles alumnos/as que non consigan acadar os obxectivos mínimos a través de todas estas medidas ordinarias de aula, recorrerase a:

- **Reforzos educativos,** consistentes nun tratamento personalizado da materia coa realización de exercicios específicos. O alumnado que precise dun reforzo haberán de alcanzar, en calquera caso, os obxectivos mínimos da materia para obter unha avaliación positiva.
- **Adaptacións curriculares individualizadas**, realizadas en colaboración co Departamento de Orientación e que poderán incidir tanto nos contidos como na metodoloxía e mesmo nos obxectivos, con probas deseñadas particularmente para os alumnos e alumnas que o necesitasen.

## 10. TEMAS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES

Os elementos transversais están presente en todos os elementos desta materia. A continuación, resumimos os temas de maior importancia que perseguen unha actitude responsable e comprometida do alumnado no seo da sociedade e que serán promovidos na materia obxecto desta programación:

- A comprensión lectora, a **expresión oral e escrita,** a comunicación audiovisual, as **tecnoloxías da información e comunicación.**

**-** O **emprendemento e a autonomía persoal**. Fomentaranse as medidas para que o alumnado en actividades que lle permitan afianzar o **espírito emprendedor e a iniciativa empresarial** a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- A educación **cívica e constitucional.**

- Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a **prevención da violencia de xénero** ou contra persoas con discapacidade; así como os valores inherentes ao principio de **igualdade de trato e non discriminación** por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Promoverase a aprendizaxe da prevención e **resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración das vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Esta programación contempla a **prevención da violencia de xénero**, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

**Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipo**s que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Con respecto á **seguridade viaria.** Promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se

favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

## 11. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Dende este departamento e as áreas impartidas contribúese ao plan de convivencia participando en todas as accións propostas. Para iso, levaranse a cabo en todas as materias pola súa propia natureza **promovendo a educación nunha convivencia democrática,** o respecto á **liberdade de conciencia e convicción relixiosa,** o **respecto ás normas de convivencia do centro**, o fomento dun **clima positivo** de convivencia, mantemento dun comportamento adecuado tanto centro como fóra da aula.

As actividades serán tanto diarias como aquelas ofertadas polo centro, por exemplo, **conmemoracións** ou participación en programas que favorezan a convivencia dos membros da comunidade escolar. Neste curso celebraremos, levando a cabo distintas accións, as seguintes conmemoracións recollidas pola Orde do 12 de xuño de 2017, que aproba o calendario escolar:

25 de novembro de 2017: **Día Internacional contra a Violencia de Xénero**

30 de xaneiro de 2018: **Día Escolar da Non Violencia e a Paz**

## 12. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

As TIC resultan imprescindibles na área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, porque aumentan as posibilidades de comunicación, axilizan os intercambios e mesmo poden propiciar formas de **traballo cooperativo** que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos.

Algúns dos usos das TIC que temos previsto facer son os seguintes:

- **Busca de información** en diferentes páxinas web, que serán aportadas polo profesorado (nunca deixando ao criterio do alumnado a busca libre na rede) para completar traballos de Historia ou Xeografía. Así por exemplo, no 1º ciclo farán traballos sobre a situación da muller no mundo, a inmigración, os dereitos humanos.. Estas buscas de información formarán parte sempre de traballos

perfectamente estruturados, para facilitarlle ao alumnado as labores de selección e organización dos datos.

- Será fundamental o uso de ferramentas como **Google Maps e Google Earth,** non soamente nas materias con contido xeográfico, senón tamén ao abordar contidos de Historia e Arte.
- Potenciarase o uso de páxinas oficiais como **INE**, **IGE** ou **Instituto de Estudos do Territorio.**
- Utilización de programas informáticos como **Power Point** para facer exposicións na clase, tanto por parte do profesorado como do alumnado. En todos os niveis, e en concreto en 3º de ESO, podería utilizarse por parte do profesorado a presentación do Proxecto Terra.
- Utilización de **ferramentas de autor** de elaboración propias ou alleas, respectando e promovendo o respecto á propiedade intelectual. En concreto, na materia da  serán moi utilizados este tipo de recursos, dado que non está estipulado o uso dun libro de texto en concreto. Para un mellor desenvolvemento da sección, a profesora encargada das dúas materias, elaborará material propio e adaptado á realidade do alumnado deste centro.

## 13. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Dende este Departamento de CCSS, Xeografía e Historia desexamos, dende as nosas materias, introducir elementos que **promovan a adquisición das competencias no ámbito da lectura** (véxase destreza lectora e escritora). Para iso, é preciso programar e deixar explícitas as actividades que pretendemos levar a cabo en relación co plan lector do centro.

As materias obxecto desta programacón contribúen a desenvolver o dominio das habilidades de l**er e escribir diferentes tipos de textos,** cada vez máis complexos, e que resultan fundamentais como elementos de **información social e histórica.** Nese sentido, consideramos que a formación de lectores capacitados debe comezar por un achegamento aos textos máis sinxelos e cunha linguaxe adaptada aos alumnos e alumnas. No caso das Ciencias Sociais, posúen un léxico complexo e moitas veces novidoso, que será conveniente presentar de **forma gradual**. Así, os estudantes dos cursos inferiores

traballarán de forma máis habitual con textos adaptados, procedentes dos libros do seu nivel, para ir despois atopando esa linguaxe específica en textos xornalísticos ou monografías especializadas. Dende primeiro curso, facilitarase tamén a lectura de **gráficos e táboas**, que irán gañando en complexidade nos dous últimos anos.

Na aula desenvolveranse a diario estratexias de **comprensión lectora e destreza escritora**:

- **Lectura en voz alta**. Cada día varios estudantes lerán por quenda en voz alta, durante non menos de dez minutos, diferentes parágrafos, ben do libro de texto, ben de artigos de xornais ou outro tipo de textos aportados polo profesorado. O profesorado realizará a continuación una serie de preguntas, tamén en voz alta, para comprobar o grao de comprensión adquirido pola clase. Por último, explicará todos aqueles aspectos que non quedaran suficientemente claros.
- **Lectura en voz baixa**. Polo menos un día na semana o profesorado dedicará quince minutos á lectura individual dalgún texto, que poderá ser tamén do libro ou un recurso que considere interesante, sobre o cal o alumnado realizará actividades escritas que servirán para coñecer o nivel de comprensión acadado por cada un deles.

Ademais destas actividades habituais, propoñemos outras actividades que axuden ao alumnado a ler e interpretar os textos e redactar e expresarse de maneira correcta.

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

En relación ás actividades **complementarias**, este Departamento participará en todas aquelas que organice o centro de acordo co proxecto curricular e que se consideren de interese para as materias.

## 15. DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ALUMNADO E A COMUNIDADE ESCOLAR

De acordo co establecido pola Orde do 8 de xuño de 2015, que aproba o calendario escolar, ao inicio do curso darase a coñecer ao alumnado e a comunidade escolar dará a **información básica relativa ás programacións didácticas**, incluíndo obxectivos, contidos e criterios de avaliación, mínimos esixibles para obter valoración positiva, criterios de cualificación e procedementos de avaliación que se van utilizar.

Ademais, para dar a maior difusión posible e garantir a súa publicidade, as programacións estarán a disposición do alumnado e das familias na páxina **web do centro educativo**. Por último, o alumnado terá á súa disposición unha **síntese da programación** na súa aula de referencia para que poidan facer en calquera momento unha consulta da mesma.

## 16. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS NO PROCESO EDUCATIVO

Facilitarase en todo momento a **participación** e **implicación** das familias no proceso educativo. Dende o comezo farase a maior difusión posible da programación das materias e organizarase unha reunión coas familias que desexen coñecer máis polo miúdo as características propias de cada materia.

Ao longo do proceso ensinanza-aprendizaxe farase un seguimento e acompañamento. Ademais do asesoramento nos aspectos pedagóxicos concretos de cada estudante, **informarase** periodicamente do desenvolvemento do alumno ou alumna na aula e no centro.

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# XEOGRAFÍA E HISTORIA

# 3º ESO

curso 2018-2019

Profesor da materia: Román Sanz Freire

# 1. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

**1.1. Enfoque competencial da materia.** Este Departamento didáctico parte do convicción de que os profundos e rápidos cambios que experimenta a nosa sociedade e o mundo do coñecemento e a tecnoloxía, esixen **novos enfoques de aprendizaxe** nos nosos centros educativos, tal e como amosan as últimas políticas educativas nacionais e supranacionais.

A **Recomendación 2006/962/EC do Parlamento Europeo e do Consello**, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente promovía xa hai unha década, a potenciación da aprendizaxe por competencias como complemento ao tradicional aprendizaxe por contidos. Ademais, na propia lexislación educativa do noso país, a **Lei Orgánica 2/2006 de Educación** modificada pola **Lei Orgánica 8/2013 de Mellora da Calidade do Ensino,** apostase tamén por este **enfoque competencial.**

O **Decreto 86/2015, do 25 de xuño,** polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece 7 competencias clave, e na **Orde ECD/65/2015**, de 21 de xaneiro, descríbense as distintas **relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación** da educación primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato, descritas no anexo I desta Orde. Ao longo da presente programación, e seguindo coa lexislación vixente en ESO, referirase ás seguintes competencias coas seguintes siglas:

| COMPETENCIAS CLAVE (LOMCE) |
|---|
| Competencia en comunicación lingüística (CCL) |
| Competencia matemática e competencia en ciencias e tecnoloxía (CMCCT) |
| Competencia dixital (CD) |
| Competencias sociais e cívicas (CSC) |
| Competencia para aprender a aprender (CAA) |
| Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) |
| Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC) |

As **competencias**, competencias clave (terminoloxía adoptada pola Recomendación Europea que asume agora a LOMCE), deben ser concibidas como o **conxunto de habilidades cognitivas, destrezas e actitudes que posibilitan a resolución dunha tarefa con eficacia: desempeño.** Enténdense como un elemento básico para que os alumnos e alumnas que rematan o ensino obrigatorio logren a súa realización persoal, poidan exercer a cidadanía activa e se incorporen á vida adulta de xeito adecuado. Por tanto, o enfoque competencial ha de promover o desenvolvemento íntegro do alumnado.

Na concreción curricular proposta as competencias, en paralelo cos obxectivos educativos, son un referente, de tal modo que todas as materias contribúan á súa consecución, e conformen un núcleo organizador da etapa. Deste xeito, o currículo por competencias que defendemos configurará unha **aprendizaxe integradora e orientada á aplicación dos coñecementos adquiridos.**

O cambio curricular ao que asistimos implica novos enfoques que deben atender á **integración real das competencias no currículo na aula**, tanto no deseño e desenvolvemento da programación, na súa implementación, como na propia avaliación, tal e como facemos referencia neste documento. As concrecións curriculares das distintas materias das distintas materias colaboran a tal fin.

Na presente programación explicítase a **contribución das materias ao logro e adquisición das competencias** quedando reflectida en cada unha das unidades didácticas nas que se organizan as materias, establécese e concrétase a relación entre os criterios e indicadores de avaliación coas competencias que se traballan en avalían en cada unidade. Posteriormente elaboráronse os **perfís de área e os perfís competenciais** que nos permiten identificar as competencias que desenvolvemos en cada área ou materia e que facilitarán a avaliación.

É fundamental a proposta de **tarefas e situacións de aprendizaxe significativas** que impliquen a resolución de problemas mediante a **aplicación do aprendido**, para promover a unha **aprendizaxe activa** do estudante. O deseño desas **actividades integradas** permitirá ao alumnado avanzar cara a resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Velarase en todo momento por un **tratamento equilibrado das distintas competencias** clave na programación didáctica de cada unha das materias, tal e como se describe nos apartados referidos a cada materia.

Na presente programación didáctica amósase un esquelete das unidades didácticas sobre

as que versarán as diferentes tarefas e situacións de aprendizaxe significativas propostas desenvolvidas na programación de aula de cada materia.

**1.2. Perfil competencial da materia.** O aporte da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias é moi relevante. Todas elas están presentes na programación, desenvolvemento e avaliación da materia. A continuación explícase a contribución da materia a cada unha das competencias e detallándose a aportación ao **perfil competencial.**

A **competencia para aprender a aprender (CAA)**supón iniciarse na aprendizaxe e continuala dun xeito **autónomo**. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde **distintas perspectivas metodolóxicas.** Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades. Noutras palabras, trátase de **coñecer as propias potencialidades e as propias carencias.**
Os estándares da materia que contribúen ao desenvolvemento da CAA son:

| |
|---|
| 3º-XHB1.1.1. - Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite. |
| 3º-XHB1.1.2. - Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas. |
| 3º-XHB1.1.3. - Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos. |
| 3º-XHB2.1.1. - Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas. |
| 3º-XHB2.10.1. - Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país. |
| 3º-XHB2.10.2. - Describe as características do comercio internacional na actualidade. |
| 3º-XHB2.10.3. - Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen. |
| 3º-XHB2.11.1. - Identifica os tipos de turismo e os seus efectos |
| 3º-XHB2.11.2. - Valora a importancia do turismo na economía española e galega. |
| 3º-XHB2.12.1. - Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia. |

| |
|---|
| 3º-XHB2.12.2. - Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais. |
| 3º-XHB2.12.3. - Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflictan as liñas de intercambio. |
| 3º-XHB2.13.1. - Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza. |
| 3º-XHB2.13.2. - Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónaas con factores económicos. |
| 3º-XHB2.2.1. - Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos. |
| 3º-XHB2.3.1. - Diferencia os sectores económicos europeos. |
| 3º-XHB2.4.1. - Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico. |
| 3º-XHB2.5.1. - Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el. |
| 3º-XHB2.6.1. - Sitúa no mapa as principais zonas cerealeiros, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo. |
| 3º-XHB2.6.2. - Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo. |
| 3º-XHB2.6.3. - Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo. |
| 3º-XHB2.6.4. - Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas. |
| 3º-XHB2.7.1. - Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais. |
| 3º-XHB2.8.1. - Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados. |
| 3º-XHB2.9.1. - Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións. |
| 3º-XHB3.1.1. - Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado |
| 3º-XHB3.10.1. - Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos. |

| |
|---|
| 3º-XHB3.11.1. - Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos. |
| 3º-XHB3.12.1. - Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización. |
| 3º-XHB3.12.3. - Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América. |
| 3º-XHB3.13.1 - Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos". |
| 3º-XHB3.2.1. - Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. |
| 3º-XHB3.2.2. - Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. |
| 3º-XHB3.6.1. - Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.). |
| 3º-XHB3.7.1. - Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos. |
| 3º-XHB3.9.1. - Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto. |

No mundo actual é innegable a importancia que ten a **competencia dixital (CD)** para a comprensión dos fenómenos sociais e históricos. Poder contar con certas habilidades para **buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento**. As TIC resultan imprescindibles na sociedade da información en que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar **formas de traballo cooperativo** que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área. En todo caso, debe insistirse en que a información é preciso saber utilizala, xa que por si mesma non produce unha forma axeitada de coñecemento. Por iso, é necesario comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento e, así mesmo, capacitarse para a **transmisión desta información** do xeito máis eficaz posible. Na materia de Xeografía e Historia a información aparece en diferentes formatos que o alumnado deberá ir coñecendo e utilizando cada vez en maior medida ó longo da etapa. Os estándares da materia que contribúen ao desenvolvemento da CD son:

| |
|---|
| 3º-XHB1.1.1. - Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite. |
| 3º-XHB1.1.2. - Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas. |
| 3º-XHB1.1.3. - Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos. |
| 3º-XHB2.1.1. - Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas. |
| 3º-XHB2.10.1. - Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país. |
| 3º-XHB2.11.1. - Identifica os tipos de turismo e os seus efectos |
| 3º-XHB2.11.2. - Valora a importancia do turismo na economía española e galega. |
| 3º-XHB2.12.1. - Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia. |
| 3º-XHB2.12.2. - Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais. |
| 3º-XHB2.12.3. - Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflictan as liñas de intercambio. |
| 3º-XHB2.2.1. - Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos. |
| 3º-XHB2.5.1. - Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el. |
| 3º-XHB2.6.1. - Sitúa no mapa as principais zonas cerealeiros, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo. |
| 3º-XHB2.6.2. - Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo. |
| 3º-XHB2.6.3. - Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo. |
| 3º-XHB2.7.1. - Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais. |
| 3º-XHB2.9.1. - Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións. |

Na medida en que a linguaxe é un vehículo imprescindible de comunicación no proceso de ensinanza aprendizaxe, a **competencia en comunicación lingüística (CCL)** resulta imprescindible. A lingua é o principal instrumento para **organizar o pensamento**, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, e así mesmo, adquirir un **vocabulario preciso e específico** da Xeografía e Historia que deberá asumir o alumnado, como tamén a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente. Esta competencia implica o dominio das habilidades de ler e escribir **diferentes tipos de textos** cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica. Trátase de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión. Os estándares da materia que contribúen ao desenvolvemento da CCL son:

| |
|---|
| 3º-XHB1.1.1. - Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite. |
| 3º-XHB1.1.3. - Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos. |
| 3º-XHB2.1.1. - Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas. |
| 3º-XHB2.10.1. - Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país. |
| 3º-XHB2.10.2. - Describe as características do comercio internacional na actualidade. |
| 3º-XHB2.10.3. - Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen. |
| 3º-XHB2.11.1. - Identifica os tipos de turismo e os seus efectos |
| 3º-XHB2.11.2. - Valora a importancia do turismo na economía española e galega. |
| 3º-XHB2.12.1. - Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia. |
| 3º-XHB2.12.2. - Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais. |
| 3º-XHB2.12.3. - Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflictan as liñas de intercambio. |
| 3º-XHB2.13.1. - Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza. |

| |
|---|
| 3º-XHB2.13.2. - Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónaas con factores económicos. |
| 3º-XHB2.2.1. - Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos. |
| 3º-XHB2.3.1. - Diferencia os sectores económicos europeos. |
| 3º-XHB2.4.1. - Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico. |
| 3º-XHB2.5.1. - Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el. |
| 3º-XHB2.6.4. - Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas. |
| 3º-XHB2.7.1. - Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais. |
| 3º-XHB2.8.1. - Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados. |
| 3º-XHB3.12.1. - Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización. |
| 3º-XHB3.12.3. - Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América. |
| 3º-XHB3.5.1. - Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. |
| 3º-XHB3.7.1. - Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos. |
| 3º-XHB3.8.1. - Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época. |
| 3º-XHB3.9.1. - Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto. |

| **¿CANDO AVALIAR?** | Mensualmente: seguimento da programación, reunións de departamento<br>Por avaliación: seguimento e cumprimento da programación<br>Ao finalizar o curso: cumprimento e resultados de aprendizaxe. |
| **MEDIDAS A TOMAR** | No momento que sexa preciso e así se acorde, introduciranse os cambios ou axustes necesarios que se farán constar en acta de reunión de departamento e na memoria final de curso, onde tamén se indicarán as necesidades de modificación para o seguinte curso. |

## 8. PLAN DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

O alumnado con materias pendentes combinará a realización de traballos prácticos ao longo do curso que se recollerán periodicamente por trimestre, e un único exame final.

**8.1. Instrumentos de avaliación.** O profesorado que imparta as respectivas materias ou, no seu defecto, a xefatura de departamento, será o encargado de supervisar as distintas actividades de avaliación encamiñadas á superación das materias pendentes.

Ditas actividades de avaliación consistirán na realización dunha serie de **actividades e tarefas** entregadas a/o alumno/a en **cada trimestre**, e que este/a deberá entregar antes da data fixada polo profesor como límite. Os alumnos/as con materias pendentes que non entreguen as tarefas ou non o fagan de maneira satisfactoria deberán realizar unha **proba escrita no mes de maio.**

Periodicamente, o profesorado prestará **apoio** e atenderá ás dificultades e resolverá as dúbidas que o alumnado poida presentar con respecto aos exercicios propostos.

**8.2. Criterios de avaliación e cualificación** para superar as materias pendentes pola avaliación continua. Os criterios de avaliación, os contidos e as competencias a desenvolver serán os que se especifican como mínimos esixibles en cada un dos cursos da secundaria.

A entrega correcta e dentro dos prazos previstos dos traballos encomendados aos alumnos con materias pendentes suporá o aprobado da materia. De non ser así o alumno/a deberá presentarse ao exame escrito de maio.

En caso de avaliación negativa no mes de maio, poderán presentarse a un exame de **avaliación extraordinaria en setembro.**

## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste nivel educativo é máis frecuente que nos cursos de primaria a existencia de alumnado con moi **diferentes necesidades educativas** debido ás súas diversas capacidades, motivacións, estilos de aprendizaxe e intereses. Por iso é necesario ofrecer diferentes respostas dentro da aula, que se poden concretar nos seguintes aspectos:

No referido ós obxectivos didácticos, procuraremos un **equilibro entre os distintos tipos de capacidades** a desenvolver, de forma que o alumnado atope diferentes vías para alcanzar os mesmos obxectivos.

- Capacidades cognitivas: obxectivos referidos a identificar, recoñecer, etc.
- Capacidades afectivas: obxectivos referidos á valoración e aprecio do patrimonio.
- Capacidades de inserción social: obxectivos orientados á valoración das repercusións de diversos feitos, á mellora do contorno social, etc.
- Capacidades de relación interpersoal: realización de tarefas en grupo, participación en debates.
- Ademais disto priorizaranse as capacidades transversais, polo que o alumnado que non consiga algún obxectivo da etapa a través da área de Ciencias Socias, Xeografía e Historia, pode facelo a través das outras áreas.

No referido os contidos tentarase:

- Fixar **prioridades**, é dicir, distinguir entre os contidos substanciais, que resultan básicos e clave, e outras contidos accidentais que poden ser complementarios dos anteriores.
- Establecer un **equilibrio entre os distintos tipos de contidos** (conceptos, procedementos e actitudes), tal e como se fixo cos distintos tipos de capacidades nos obxectivos didácticos.

Hai unha serie de **medidas de aula** que favorecen o desenvolvemento da diversidade e que en parte sinalamos no apartado de metodoloxía:

- Uso de **metodoloxías diversa**s, combinando os métodos de exposición e indagación.
- **Actividades diferenciadas** para acadar un grao ou outro de afondamento nos obxectivos. O alumnado que desexe ampliar coñecemento poderá realizar actividades aportadas polo profesorado.
- **Materiais heteroxéneos**, combinando o libro de texto ou as monografías específicas con medios audiovisuais que contribúan a reforzar a motivación ou a aportar tarefas específicas a alumnos con dificultades de aprendizaxe.
- **Agrupamentos flexibles**, de forma que o alumnado poidan ser cambiados de lugar en función das necesidades da clase, sobre todo para o traballo en pequeno e gran grupo.

- Utilización de **ritmos distintos**, acordes coas capacidades e posibilidades dos alumnos e alumnas.

No tocante aos recursos didácticos utilizados, aquelas persoas con algunha discapacidade temporal ou permanente, recibirán unha atención personalizada co apoio de institucións externas e o departamento de Orientación, buscando en todo momento o principio de **accesibilidade universal.**

Teranse ademais en conta as **pautas de actuación** marcadas polo Departamento para todos aqueles casos que así o precisen (atención a alumnado con **TDAH)**.

Na avaliación procurarase:

- deseñar distintos **niveis de complexidade**, diferenciando graos de dificultade: que recoñeza e identifique, que analice e valore, que analice e valore criticamente a información. Tentarase que cada alumno alcance os tres niveis, pero o grao de abstracción e dificultade de cada un permitirá diversificar os resultados do alumnado.
- Partindo das **avaliacións iniciais** ao principio de curso e en cada unidade, considerarase a necesidade de utilizar **reforzos** ou **exercicios complementarios**.
- Utilizaranse **estratexias e instrumentos de avaliación variados,** como expoñemos no apartado de avaliación, para contribuír á atención á diversidade.

Finalmente, para aqueles alumnos/as que non consigan acadar os obxectivos mínimos a través de todas estas medidas ordinarias de aula, recorrerase a:

- **Reforzos educativos,** consistentes nun tratamento personalizado da materia coa realización de exercicios específicos. O alumnado que precise dun reforzo haberán de alcanzar, en calquera caso, os obxectivos mínimos da materia para obter unha avaliación positiva.
- **Adaptacións curriculares individualizadas**, realizadas en colaboración co Departamento de Orientación e que poderán incidir tanto nos contidos como na metodoloxía e mesmo nos obxectivos, con probas deseñadas particularmente para os alumnos e alumnas que o necesitasen.

## 10. TEMAS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES

Os elementos transversais están presentes en todos os elementos desta materia. A continuación, resumimos os temas de maior importancia que perseguen unha actitude responsable e comprometida do alumnado no seo da sociedade e que serán promovidos na materia obxecto desta programación:

- A comprensión lectora, a **expresión oral e escrita,** a comunicación audiovisual, as **tecnoloxías da información e comunicación.**

**-** O **emprendemento e a autonomía persoal**. Fomentaranse as medidas para que o alumnado en actividades que lle permitan afianzar o **espírito emprendedor e a iniciativa empresarial** a partir de aptitudes como a cratividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- A educación **cívica e constitucional.**

- Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a **prevención da violencia de xénero** ou contra persoas con discapacidade; así como os valores inherentes ao principio de **igualdade de trato e non discriminación** por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Promoverase a aprendizaxe da prevención e **resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración das vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Esta programación contempla a **prevención da violencia de xénero**, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

**Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipo**s que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Con respecto á **seguridade viaria.** Promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se

favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

## 11. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Dende este departamento e as áreas impartidas contribúese ao plan de convivencia participando en todas as accións propostas. Para iso, levaranse a cabo en todas as materias pola súa propia natureza **promovendo a educación nunha convivencia democrática,** o respecto á **liberdade de concienciae convicción relixiosa,** o **respecto ás normas de convivencia do centro**, o fomento dun **clima positivo** de convivencia, mantemento dun comportamento adecuado tanto centro como fóra da aula.

As actividades serán tanto diarias como aquelas ofertadas polo centro, por exemplo, **conmemoracións** ou participación en programas que favorezan a convivencia dos membros da comunidade escolar. Neste curso celebraremos, levando a cabo distintas accións, as seguintes conmemoracións recollidas pola Orde do 12 de xuño de 2017, que aproba o calendario escolar:

25 de novembro de 2017: **Día Internacional contra a Violencia de Xénero**

30 de xaneiro de 2018: **Día Escolar da Non Violencia e a Paz**

## 12. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

As TIC resultan imprescindibles na área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, porque aumentan as posibilidades de comunicación, axilizan os intercambios e mesmo poden propiciar formas de **traballo cooperativo** que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos.

Algúns dos usos das TIC que temos previsto facer son os seguintes:

- **Busca de información** en diferentes páxinas web, que serán aportadas polo profesorado (nunca deixando ao criterio do alumnado a busca libre na rede) para completar traballos de Historia ou Xeografía. Así por exemplo, farán traballos sobre a situación da muller no mundo, a inmigración, os dereitos humanos.. Estas buscas de información formarán parte sempre de traballos perfectamente estruturados, para facilitarlle ao alumnado as labores de selección e organización dos datos.

- Será fundamental o uso de ferramentas como **Google Maps e Google Earth,** non soamente nas materias con contido xeográfico, senón tamén ao abordar contidos de Historia e Arte.
- Potenciarase o uso de páxinas oficiais como **INE**, **IGE** ou **Instituto de Estudos do Territorio.**
- Utilización de programas informáticos como **Power Point** para facer exposicións na clase, tanto por parte do profesorado como do alumnado. En todos os niveis, e en concreto en 3º de ESO, podería utilizarse por parte do profesorado a presentación do Proxecto Terra.
- Utilización de **ferramentas de autor** de elaboración propias ou alleas, respectando e promovendo o respecto á propiedade intelectual. En concreto, na materia serán moi utilizados este tipo de recursos, dado que non está estipulado o uso dun libro de texto en concreto. Para un mellor desenvolvemento da sección, a profesora encargada das dúas materias, elaborará material propio e adaptado á realidade do alumnado deste centro.

## 13. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Dende este Departamento de CCSS, Xeografía e Historia desexamos, dende as nosas materias, introducir elementos que **promovan a adquisición das competencias no ámbito da lectura** (véxase destreza lectora e escritora). Para iso, é preciso programar e deixar explícitas as actividades que pretendemos levar a cabo en relación co plan lector do centro.

As materias obxecto desta programación contribúen a desenvolver o dominio das habilidades de l**er e escribir diferentes tipos de textos,** cada vez máis complexos, e que resultan fundamentais como elementos de **información social e histórica.** Nese sentido, consideramos que a formación de lectores capacitados debe comezar por un achegamento aos textos máis sinxelos e cunha linguaxe adaptada aos alumnos e alumnas. No caso das Ciencias Sociais, posúen un léxico complexo e moitas veces novidoso, que será conveniente presentar de **forma gradual**. Así, os estudantes dos cursos inferiores traballarán de forma máis habitual con textos adaptados, procedentes dos libros do seu nivel, para ir despois atopando esa linguaxe específica en textos xornalísticos ou

monografías especializadas. Dende primeiro curso, facilitarase tamén a lectura de **gráficos e táboas**, que irán gañando en complexidade nos dous últimos anos.

Na aula desenvolveranse a diario estratexias de **comprensión lectora e destreza escritora**:

- **Lectura en voz alta**. Cada día varios estudantes lerán por quenda en voz alta, durante non menos de dez minutos, diferentes parágrafos, ben do libro de texto, ben de artigos de xornais ou outro tipo de textos aportados polo profesorado. O profesorado realizará a continuación una serie de preguntas, tamén en voz alta, para comprobar o grao de comprensión adquirido pola clase. Por último, explicará todos aqueles aspectos que non quedaran suficientemente claros.
- **Lectura en voz baixa**. Polo menos un día na semana o profesorado dedicará quince minutos á lectura individual dalgún texto, que poderá ser tamén do libro ou un recurso que considere interesante, sobre o cal o alumnado realizará actividades escritas que servirán para coñecer o nivel de comprensión acadado por cada un deles.

Ademais destas actividades habituais, propoñemos outras actividades que axuden ao alumnado a ler e interpretar os textos e redactar e expresarse de maneira correcta. Para a mellora das destrezas lecto-escritoras levaranse a cabo medidas de actuación, avaliación e correctoras da proposta:

- **Lecturas obrigatorias e outras voluntarias** de textos relacionados coa materia, sendo valorado na avaliación da mesma na parte procedemental (varía segundo a materia e nivel) a partires dunha entrevista oral para elaborar un resumo. Para cada materia, faise unha selección das lecturas (revistas, libros, prensa) por parte do profesorado.
- Proxectos de **traballo cos fondos da biblioteca**. Realizarase un vaciado dunha bibliografía dun tema determinado. O traballo realizarase en pequeno grupo no que terán tarefas repartidas para buscar e tomar datos deses fondos. O traballo será obxecto de avaliación mediante a observación e rexistro do profesorado.

- **Traballo de investigación** sobre un determinado tema. Será unha investigación guiada polo profesor e, se as condicións técnicas o permiten.

Neste curso celebraremos as seguintes **conmemoracións** relacionadas co fomento da lectoescritura recollidas pola Orde do 12 de xuño de 2017, que aproba o calendario escolar:

25 de novembro de 2017: **Día Internacional contra a Violencia de Xénero**

30 de xaneiro de 2018: **Día Escolar da Non Violencia e a Paz**

23 ao 27 de abril de 2018: **Semana do Libro**

17 de maio de 2018: **Día das Letras Galegas**

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

En relación ás actividades **complementarias**, este Departamento participará en todas aquelas que organice o centro de acordo co proxecto curricular e que se consideren de interese para as materias.

- Actividades organizadas por este Departamento no centro educativo: visionado de audiovisuais, concurso de fotografía, montaxe de exposicións.
- Actividades de temas transversais organizadas polo Departamento de Orientación que poden ser integradas no currículo destas materias.
- Actividades organizadas por outros Departamentos didácticos que poidan ser integradas na programación prevista.
- Actividades interdisciplinares organizadas pola Dirección do centro educativo ou polos equipos de Dinamización Lingüística, equipo da Biblioteca, equipo TIC, equipo de actividades extraescolares.

## 15. DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ALUMNADO E A COMUNIDADE ESCOLAR

De acordo co establecido pola Orde do 8 de xuño de 2015, que aproba o calendario escolar, ao inicio do curso darase a coñecer ao alumnado e a comunidade escolar dará a **información básica relativa ás programacións didácticas**, incluíndo obxectivos,

contidos e criterios de avaliación, mínimos esixibles para obter valoración positiva, criterios de cualificación e procedementos de avaliación que se van utilizar.

Ademais, para dar a maior difusión posible e garantir a súa publicidade, as programacións estarán a disposición do alumnado e das familias na páxina **web do centro educativo**. Por último, o alumnado terá á súa disposición unha **síntese da programación** na súa aula de referencia para que poidan facer en calquera momento unha consulta da mesma.

## 16. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS NO PROCESO EDUCATIVO

Facilitarase en todo momento a **participación** e **implicación** das familias no proceso educativo. Dende o comezo farase a maior difusión posible da programación das materias e organizarase unha reunión coas familias que desexen coñecer máis polo miúdo as características propias de cada materia.

Ao longo do proceso ensinanza-aprendizaxe farase un seguimento e acompañamento. Ademais do asesoramento nos aspectos pedagóxicos concretos de cada estudante, **informarase** periodicamente do desenvolvemento do alumno ou alumna na aula e no centro.

Fomentarase a participación nas actividades complementarias que se organicen dende este Departamento. A familia será un aspecto clave na aprendizaxe, sendo o **referente** máis próximo do alumnado, por iso, con frecuencia moitas actividades de aprendizaxe destas materias terán como punto de partida o contorno máis cercano.

En definitiva, potenciarase a relación, **comunicación** e transparencia ao máximo posible. Informarase á sobre a avaliación do proceso ensinanza-aprendizaxe.

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# XEOGRAFÍA E HISTORIA

# 4º ESO

curso 2018-2019

Profesor da materia: Román Sanz Freire

## 1. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O aporte da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias é moi relevante. Todas elas están presentes na programación, desenvolvemento e avaliación da materia. A continuación explícase a contribución da materia a cada unha das competencias e detallándose a aportación ao **perfil competencial.**

A **competencia para aprender a aprender (CAA)** supón iniciarse na aprendizaxe e continuala dun xeito **autónomo**. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde **distintas perspectivas metodolóxicas.** Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades. Noutras palabras, trátase de **coñecer as propias potencialidades e as propias carencias.**
Os estándares da materia que contribúen ao desenvolvemento da CAA son:

| |
|---|
| 4º-XHB4.3.2 - Analiza o novo mapa político de Europa. |
| 4º-XHB4.3.3 - Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. |
| 4º-XHB4.4.1 - Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. |
| 4º-XHB4.5.1 - Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. |
| 4º-XHB4.5.2 - Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. |
| 4º-XHB5.1.2 - Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. |
| 4º-XHB5.1.3 - Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. |
| 4º-XHB5.3.2 - Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. |
| 4º-XHB6.1.1 - Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). |
| 4º-XHB6.2.1 - Sitúa nun mapa as fases do conflito. |

| |
|---|
| 4º-XHB6.2.2 - Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. |
| 4º-XHB6.2.3 - Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. |
| 4º-XHB6.4.1 - Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. |
| 4º-XHB6.4.2 - Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. |
| 4º-XHB6.5.2 - Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947). |
| 4º-XHB7.1.1 - Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. |
| 4º-XHB7.2.1 - Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. |
| 4º-XHB7.3.2 - Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica |
| 4º-XHB8.1.1 - Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época |
| 4º-XHB8.2.1 - Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. |
| 4º-XHB8.3.1 - Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. |
| 4º-XHB8.3.3 - Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. |
| 4º-XHB8.4.1 - Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. |
| 4º-XHB9.1.1 - Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. |
| 4º-XHB9.1.2 - Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. |
| 4º-XHB9.2.1 - Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. |
| 4º-XHB9.3.1 - Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. |

No mundo actual é innegable a importancia que ten a **competencia dixital (CD)** para a comprensión dos fenómenos sociais e históricos. Poder contar con certas habilidades para **buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento**. As TIC resultan imprescindibles na sociedade da información en que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar **formas de traballo cooperativo** que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área. En todo caso, debe insistirse en que a información é preciso saber utilizala, xa que por si mesma non produce unha forma axeitada de coñecemento. Por iso, é necesario comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento e, así mesmo, capacitarse para a **transmisión desta información** do xeito máis eficaz posible. Na materia de Xeografía e Historia a información aparece en diferentes formatos que o alumnado deberá ir coñecendo e utilizando cada vez en maior medida ó longo da etapa. Os estándares da materia que contribúen ao desenvolvemento da CD son:

| |
|---|
| 4º-XHB9.1.1 - Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. |
| 4º-XHB9.2.1 - Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. |
| 4º-XHB9.3.1 - Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. |

Na medida en que a linguaxe é un vehículo imprescindible de comunicación no proceso de ensinanza aprendizaxe, a **competencia en comunicación lingüística (CCL)** resulta imprescindible. A lingua é o principal instrumento para **organizar o pensamento**, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, e así mesmo, adquirir un **vocabulario preciso e específico** da Xeografía e Historia que deberá asumir o alumnado, como tamén a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente. Esta competencia implica o dominio das habilidades de ler e escribir **diferentes tipos de textos** cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica. Trátase de expoñer clara e sistematicamente

as ideas, argumentando con rigor e precisión. Os estándares da materia que contribúen ao desenvolvemento da CCL son:

| |
|---|
| 4º-XHB1.1.1 - Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos". |
| 4º-XHB1.1.2 - Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. |
| 4º-XHB1.2.1 - Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. |
| 4º-XHB10.1.1 - Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeo do Báltico. |
| 4º-XHB10.4.1 - Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. |
| 4º-XHB2.1.1 - Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. |
| 4º-XHB2.1.2 - Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. |
| 4º-XHB2.2.1 - Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. |
| 4º-XHB2.2.2 - Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. |
| 4º-XHB2.2.3 - Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. |
| 4º-XHB3.1.1 - Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra |
| 4º-XHB3.2.1 - Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. |
| 4º-XHB3.2.2 - Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. |
| 4º-XHB3.3.1 - Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. |
| 4º-XHB4.1.1 - Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. |
| 4º-XHB4.1.2 - Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. |

| |
|---|
| 4º-XHB4.3.3 - Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. |
| 4º-XHB4.4.1 - Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. |
| 4º-XHB4.5.1 - Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. |
| 4º-XHB4.5.2 - Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. |
| 4º-XHB5.1.3 - Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. |
| 4º-XHB5.2.1 - Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. |
| 4º-XHB5.3.1 - Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. |
| 4º-XHB5.3.2 - Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. |
| 4º-XHB6.2.2 - Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. |
| 4º-XHB6.2.3 - Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. |
| 4º-XHB6.4.1 - Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. |
| 4º-XHB6.4.2 - Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. |
| 4º-XHB6.5.1 - Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. |
| 4º-XHB7.1.1 - Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. |
| 4º-XHB7.2.1 - Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. |
| 4º-XHB7.3.2 - Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica |
| 4º-XHB8.2.1 - Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. |
| 4º-XHB8.3.1 - Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. |
| 4º-XHB8.3.2 - Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, |

| |
|---|
| lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc |
| 4º-XHB8.3.3 - Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. |
| 4º-XHB8.4.1 - Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. |
| 4º-XHB9.1.1 - Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. |
| 4º-XHB9.2.1 - Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. |
| 4º-XHB9.3.1 - Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. |

A **competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)** ten unha presenza destacada en relación ao estudo das distintas manifestacións artísticas e á evolución do pensamento e da cultura na Historia e, de xeito específico na Historia da Arte. Supón apreciar, **comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais materiais e inmateriais**, utilizalas para o enriquecemento persoal e estimalas como elementos do **patrimonio cultural** de que dispoñemos e que resulta necesario preservar. Os estándares da materia que contribúen de xeito directo ao desenvolvemento da CCEC son:

| |
|---|
| 4º-XHB1.2.1 - Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. |
| 4º-XHB4.5.1 - Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. |
| 4º-XHB4.5.2 - Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. |

Así a **competencia matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)-** ten o obxectivo de que os alumnos e alumnas sexan quen de interpretar e producir

**informacións cuantitativas** e espaciais da realidade que nos rodea, e sexan capaces de resolver problemas relativos á vida diaria e ó mundo laboral. Os estándares da materia que contribúen ao desenvolvemento da CMCCT son:

| |
|---|
| 4º-XHB1.3.1 - Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. |
| 4º-XHB1.3.2 - Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas. |
| 4º-XHB10.1.1 - Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeo do Báltico. |
| 4º-XHB10.1.3 - Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. |
| 4º-XHB10.2.1 - Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. |
| 4º-XHB10.2.2 - Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. |
| 4º-XHB10.3.1 - Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. |
| 4º-XHB3.5.1 - Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. |
| 4º-XHB9.3.1 - Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. |

En canto ó desenvolvemento da competencia do **sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE)** esta competencia lles permitirá optar cun criterio propio ante diversas situacións e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida facéndose responsable dela no persoal e no social. A área contribúe ó seu desenvolvemento:

| |
|---|
| 4º-XHB3.3.1 - Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. |

| |
|---|
| 4º-XHB9.1.1 - Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. |
| 4º-XHB9.3.1 - Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. |

A área de Xeografía e Historia resulta fundamental para o desenvolvemento da **competencia sociais e cívicas (CSC)**, posto que facilita as relacións dentro dun **modelo de sociedade cada vez máis plural**, e así mesmo a comprensión da realidade social. É ben coñecido o papel que as ciencias sociais xogaron na conformación das identidades sociais e territoriais. Na medida en que constrúen as categorías de tempo e espazo social permiten a construción de tempo e espazo persoal no alumnado. Pero, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social democrática e posibiliten una **interacción responsable co medio**, teñen que incorporar a visión de que o mundo en que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente. Esta visión permitiralle ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha **posición comprometida e responsable** ante este. Os estándares da materia que contribúen directamente ao desenvolvemento da CSC son:

| |
|---|
| 4º-XHB1.1.1 - Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos". |
| 4º-XHB1.1.2 - Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. |
| 4º-XHB1.2.1 - Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. |
| 4º-XHB1.3.1 - Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. |
| 4º-XHB1.3.2 - Comprende as implicacións do empirismo e o método científico nunha variedade de áreas. |
| 4º-XHB10.1.1 - Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeo do Báltico. |

| |
|---|
| 4º-XHB10.1.2 - Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. |
| 4º-XHB10.1.3 - Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. |
| 4º-XHB10.2.1 - Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. |
| 4º-XHB10.2.2 - Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. |
| 4º-XHB10.3.1 - Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. |
| 4º-XHB10.4.1 - Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. |
| 4º-XHB2.1.1 - Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. |
| 4º-XHB2.1.2 - Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. |
| 4º-XHB2.2.1 - Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. |
| 4º-XHB2.2.2 - Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. |
| 4º-XHB2.2.3 - Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. |
| 4º-XHB3.1.1 - Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra |
| 4º-XHB3.2.1 - Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. |
| 4º-XHB3.2.2 - Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. |
| 4º-XHB3.3.1 - Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. |
| 4º-XHB3.4.1 - Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. |
| 4º-XHB3.5.1 - Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. |

| |
|---|
| 4º-XHB4.1.1 - Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. |
| 4º-XHB4.1.2 - Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. |
| 4º-XHB4.2.1 - Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. |
| 4º-XHB4.3.1 - Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. |
| 4º-XHB4.3.2 - Analiza o novo mapa político de Europa. |
| 4º-XHB4.3.3 - Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. |
| 4º-XHB4.4.1 - Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. |
| 4º-XHB4.5.1 - Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. |
| 4º-XHB4.5.2 - Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. |
| 4º-XHB5.1.2 - Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. |
| 4º-XHB5.1.3 - Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. |
| 4º-XHB5.2.1 - Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. |
| 4º-XHB5.3.1 - Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. |
| 4º-XHB5.3.2 - Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. |
| 4º-XHB6.1.1 - Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). |
| 4º-XHB6.2.1 - Sitúa nun mapa as fases do conflito. |
| 4º-XHB6.2.2 - Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. |
| 4º-XHB6.2.3 - Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. |
| 4º-XHB6.3.1 - Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. |

| |
|---|
| 4º-XHB6.4.1 - Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. |
| 4º-XHB6.4.2 - Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. |
| 4º-XHB6.5.1 - Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. |
| 4º-XHB6.5.2 - Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947). |
| 4º-XHB7.1.1 - Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. |
| 4º-XHB7.1.2 - Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. |
| 4º-XHB7.2.1 - Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. |
| 4º-XHB7.3.1 - Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco |
| 4º-XHB7.3.2 - Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica |
| 4º-XHB8.1.1 - Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época |
| 4º-XHB8.1.2 - Comprende os proles e contras do estado do benestar. |
| 4º-XHB8.2.1 - Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. |
| 4º-XHB8.3.1 - Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. |
| 4º-XHB8.3.2 - Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc |
| 4º-XHB8.3.3 - Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. |
| 4º-XHB8.4.1 - Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. |

| |
|---|
| 4º-XHB9.1.1 - Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. |
| 4º-XHB9.1.2 - Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. |
| 4º-XHB9.2.1 - Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. |
| 4º-XHB9.3.1 - Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. |

## 2. OBXECTIVOS DA MATERIA

**2.1. Obxectivos xerais da etapa.** Contémplanse na lexislación vixente os seguintes obxectivos de etapa de ESO e que, por tanto, comparten todas ás materias desta programación:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación..

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e

expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

**2.2. Obxectivos de áreas ou materias.** Contémplanse un total de dezasete obxectivos, comúns en esta materia para toda a etapa, que han contribuír á consecución das competencias :

1. Promover o sentimento de pertenza á comunidade galega e ás outras entidades políticas, sociais e culturais en que se integra, participando nelas con plena conciencia dos seus dereitos e deberes, desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, estados e culturas.
2. Identificar os procesos e mecanismos básicos que rexen a realidade social e as interrelacións entre os feitos políticos, económicos, sociais e culturais, utilizando este coñecemento para comprender o pasado e as sociedades actuais; asumir que estas son o resultado de longos procesos de cambio e dunha pluralidade de causas, e, o papel que xogan nelas os homes e as mulleres e, así mesmo, analizar os problemas máis relevantes que se deducen dese estudo.
3. Identificar, localizar e analizar, a diferentes escalas, as características do medio físico e as interaccións que os grupos sociais establecen con el na utilización do espazo e dos seus recursos, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e ambiental destas.
4. Comprender que o territorio e a súa ordenación son o resultado da interacción das sociedades, ao longo da historia, sobre o medio en que se desenvolven e organizan.
5. Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica do mundo, das grandes áreas xeoeconómicas e os trazos físicos e humanos de Europa, España e Galicia.
6. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos máis relevantes na historia do mundo, de Europa, de España e de Galicia, identificando as súas causas e consecuencia, para adquirir unha perspectiva global da evolución da humanidade, e para conseguir ser capaces de elaborar unha interpretación dinámica desta que permita comprender a pluralidade de comunidades en que se distribúen os seres humanos e, de xeito particular, a propia.

7. Valorar a diversidade cultural -puntos de vista, formas de vida, códigos morais- manifestando actitudes de respecto e tolerancia por outras culturas e por opinións que non coinciden coas propias, sempre que non sexan atentatorias contra a dignidade humana, sen renunciar por iso a un xuízo crítico sobre elas.
8. Comprender e identificar as novas necesidades sociais que se produciron a partir da revolución industrial e a maneira en que inflúen na organización das paisaxes rurais e urbanas.
9. Coñecer os elementos técnicos básicos das manifestacións artísticas dentro da súa realidade socio - cultural, para aprender así a valorar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico, asumindo a responsabilidade que supón a súa conservación e apreciándoo como recurso para o enriquecemento individual e colectivo.
10. Comprender a singularidade do patrimonio natural, histórico, cultural e lingüístico galego, participando activamente na súa conservación e mellora.
11. Adquirir e empregar o vocabulario específico que ofrecen as ciencias sociais para que a súa incorporación ao vocabulario habitual aumente a precisión no uso da linguaxe e enriqueza a comunicación.
12. Obter, comprender e relacionar información verbal, escrita, gráfica, icónica, estatística e cartográfica procedente de fontes diversas, incluídas as que corresponden ao contorno físico e social, aos medios de comunicación e ás tecnoloxías da información. Aprender a tratala de xeito autónomo e crítico de acordo co fin perseguido, e comunicala aos demais de maneira organizada e intelixible.
13. Valorar a construción colectiva do coñecemento científico, recoñecendo o seu carácter provisional e comparalo co coñecemento social.
14. Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.
15. Resolver problemas e levar cabo estudos e investigacións escolares aplicando os instrumentos conceptuais, as técnicas e os procedementos básicos da indagación característicos das ciencias sociais.
16. Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, apreciando os seus valores fundamentais e o feito de que os dereitos e liberdades humanas constitúen un logro irrenunciable da humanidade e unha condición necesaria para a paz.

Denunciar, en consecuencia, actitudes e situacións discriminatorias e inxustas, amosándose solidario cos pobos, grupos sociais e persoas privados dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.

17. Procurar a comprensión da realidade social galega actual como unha realidade dinámica e cambiante que se constrúe continuamente en contacto con outras sociedades e culturas. Asumir a necesidade de ordenación do territorio desde criterios sustentables, respectando o patrimonio natural e construído e recollendo, así mesmo, o panorama futuro que pode ofrecerse tras a análise destes presupostos.

Estes obxectivos, ao seren referidos aos catro cursos da etapa e debido a súa longa redacción, implican unha complexidade que esixen unha análise detallado dos mesmos, da que extraemos as seguintes conclusións:

1. Están formulados en relación a distintos tipos de capacidades:

a. Coñecementos: veñen definidos por *coñecer*, *comprender* ou *identificar* (obxectivos 2, 3 ou 5).

b. Destrezas: veñen definidos por *obter, comprender, relacionar, resolver* (obxectivos 11 ou 13).

c. Actitudes: veñen definidos por *promover sentimento, valorar, participar* (obxectivos 1, ou 12).

Un só obxectivo pode incluír varios tipos de capacidades, como indican algunhas formulacións: *identificar, localizar e analizar* (obxectivos 2 e 3), ou *coñecer* e *valorar* (obxectivos 8 e 16).

2. Maioritariamente son de carácter interdisciplinar, partindo sempre dunha realidade poliédrica que conecta política, sociedade, medio ambiente, cultura, xeografía, etc.

3. Perseguen tanto finalidades para o individuo como tal e para o individuo en canto forma parte dun grupo e traballa en grupo (obxectivo 13).

4. Polas posibilidades pedagóxicas e o grado de madurez intelectual do alumnado priorizamos, sen que isto implique exclusión dos outros, os obxectivos referidos ás capacidades cognitivas de coñecemento e de destrezas.

Por último, estes obxectivos contribuirán a acadar os catorce obxectivos xerais da ESO que recollimos na primeira parte do documento do modo que se recolle na gráfica seguinte:

| | a | b | c | d | e | f | g | h | i | l | m | n | ñ | o |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | X | | | | | | | | | X | | | X | X |
| 2 | | | X | X | | | | | | | | | | |
| 3 | | | | | | | | | | | X | | | |
| 4 | X | | | | | | | | | | | | | |
| 5 | | | | | | | | | | | | | | |
| 6 | X | | | | | | | | | | | | | |
| 7 | X | | X | X | | | | | | | | | | |
| 8 | | | | | | | | | | | | | | |
| 9 | | | | | | | | | | X | | X | | |
| 10 | | | | | | | | | | | | | X | X |
| 11 | | | | | | | | X | | | | | | |
| 12 | | X | | | | | X | | | | | | | |
| 13 | | | | | | X | | | | | | | | |
| 14 | | X | | | | | X | | | | | | | |
| 15 | | | | | X | | X | | | | | | | |
| 16 | X | | | | | | | | | | | | | |
| 17 | | | | | | | | | | | | | X | |

## 3. CONCRECIÓN CURRICULAR DA MATERIA

Indícase a continuación a concreción curricular da materia. Pártese da concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable, indícase a súa temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación a empregar.

| **C.Av.** | **Estándares** | **Grao mínimo para superar a área** Indicador mínimo de logro | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN** | **C.C.** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | **Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*** | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XH-B1.1 | 4º-XHB1.1.1 - Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos". | Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos". | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CAA, CCL |
| XH-B1.1 | 4º-XHB1.1.2 - Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. | Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. | X | | | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | CSC, CAA, CCL |
| XH-B1.2 | 4º-XHB1.2.1 - Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. | Describe as características da cultura e sociedade da Ilustración | X | | | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Proba objetiva (60%). Diario de clase (15%). | CSC, CCEC, CCL |
| XH-B1.3 | 4º-XHB1.3.1 - Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na | Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións. | CSC, CMCT, CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | súa propia época. | | | | | | |
| XH-B1.3 | 4º-XHB1.3.2 - Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas. | Comprende as características do método científico para aplicadas nunca variedade de áreas. | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Investigacións. | CSC, CMCT |
| XH-B2.1 | 4º-XHB2.1.1 - Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. | Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CAA, CCL |
| XH-B2.1 | 4º-XHB2.1.2 - Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. | Recoñece, mediante a análise de fontes escritas de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. | X | | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC, CAA, CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XH-B2.2 | 4º-XHB2.2.1 - Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. | Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX. | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións do INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CAA, CCL |
| XH-B2.2 | 4º-XHB2.2.2 - Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. | Recoñece os principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII. | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións do INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CAA, CCL |
| XH-B2.2 | 4º-XHB2.2.3 - Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. | Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. | X | | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC, CAA, CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XH-B3.1 | 4º-XHB3.1.1 - Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra | Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase (15%). Proba objetiva (60%). | CSC, CAA, CCL |
| XH-B3.2 | 4º-XHB3.2.1 - Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. | Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CAA, CCL |
| XH-B3.2 | 4º-XHB3.2.2 - Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. | Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Investigacións. | CSC, CAA, CCL |
| XH-B3.3 | 4º-XHB3.3.1 - Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. | Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. | X | | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase | CSC, CSIEE, CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | (15%). Investigación (10%). | |
| XH-B3.4 | 4º-XHB3.4.1 - Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. | Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. | X | | | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | CSC |
| XH-B3.5 | 4º-XHB3.5.1 - Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. | Elabora un eixe cronolóxico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CAA, CMCT |
| XH-B4.1 | 4º-XHB4.1.1 - Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. | Comprende que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. | | X | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC, CAA, CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XH-B4.1 | 4º-XHB4.1.2 - Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. | Depende una opinión e postura crítica sobre eurocentrismo e a globalización. | | X | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC, CAA, CCL |
| XH-B4.2 | 4º-XHB4.2.1 - Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | Comprende as diferentes relacións entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra. | | X | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase (15%). Proba obxectiva (60%). | CSC, CAA |
| XH-B4.3 | 4º-XHB4.3.1 - Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. | Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CAA |
| XH-B4.3 | 4º-XHB4.3.2 - Analiza o novo mapa político de Europa. | Analiza o novo mapa político de Europa. | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CAA |
| XH-B4.3 | 4º-XHB4.3.3 - Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e | Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. | CSC, CAA, CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | desde a dos aliados. | | | | | INSTRUMENTOS: Caderno de clase (15%). Diario de clase (15%). | |
| XH-B4.4 | 4º-XHB4.4.1 - Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. | Coñece as causas e repercusión da Revolución Rusa | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase (15%). Proba obxectiva (60%). | CSC, CAA, CCL |
| XH-B4.5 | 4º-XHB4.5.1 - Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | X | | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC, CAA, CCL, CCEC |
| XH-B4.5 | 4º-XHB4.5.2 - Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. | Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Investigacións. | CSC, CAA, CCL, CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XH-B5.1 | 4º-XHB5.1.2 - Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. | Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase (15%). Proba obxectiva (60%). | CSC, CAA |
| XH-B5.1 | 4º-XHB5.1.3 - Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. | Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller | | X | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC, CAA, CCL |
| XH-B5.2 | 4º-XHB5.2.1 - Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. | Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase (15%). Proba obxectiva (60. | CSC, CCL |
| XH-B5.3 | 4º-XHB5.3.1 - Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. | Coñece as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. | | X | | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | CSC, CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XH-B5.3 | 4º-XHB5.3.2 - Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. | Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. | | X | | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | CSC, CAA, CCL |
| XH-B6.1 | 4º-XHB6.1.1 - Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). | Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas) | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CAA |
| XH-B6.2 | 4º-XHB6.2.1 - Sitúa nun mapa as fases do conflito. | Sitúa nun mapa as fases do conflito | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Investigacións. | CSC, CAA |
| XH-B6.2 | 4º-XHB6.2.2 - Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. | Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CAA, CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XH-B6.2 | 4º-XHB6.2.3 - Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. | Elabora una mapa sinóptico sobre as causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CAA, CCL |
| XH-B6.3 | 4º-XHB6.3.1 - Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. | Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC |
| XH-B6.4 | 4º-XHB6.4.1 - Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. | Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CAA, CCL |
| XH-B6.4 | 4º-XHB6.4.2 - Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. | Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. | | X | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC, CAA, CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XH-B6.5 | 4º-XHB6.5.1 - Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. | Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase (15%). Proba objetiva (60%). | CSC, CCL |
| XH-B6.5 | 4º-XHB6.5.2 - Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947). | Recoñece as diferentes etapas do proceso descolonizador tanto en África como en Asia. | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CAA |
| XH-B7.1 | 4º-XHB7.1.1 - Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. | Identifica as características do "Welfare State" en Europa e as características dos réximes soviéticos. | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CAA, CCL |
| XH-B7.1 | 4º-XHB7.1.2 - Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. | Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase (15%). Proba obxectiva (60%). | CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XH-B7.2 | 4º-XHB7.2.1 - Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. | Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CAA, CCL |
| XH-B7.3 | 4º-XHB7.3.1 - Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco | Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase (15%). Proba obxectiva. | CSC |
| XH-B7.3 | 4º-XHB7.3.2 - Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica | Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC, CAA, CCL |
| XH-B8.1 | 4º-XHB8.1.1 - Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época | Comprende os cambios que sufrir a CEE na súa historia, e as características da Unión Europea. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase (15%). Proba obxectiva (60%). | CSC, CAA |
| XH-B8.1 | 4º-XHB8.1.2 - Comprende os proles e contras | Comprende os proles e contras do estado do benestar. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. | CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | do estado do benestar. | | | | | INSTRUMENTOS: Diario de clase. | |
| XH-B8.2 | 4º-XHB8.2.1 - Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. | Coñece os cambios más significativos producidos tralo colapso da URSS. | | | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | CSC, CAA, CCL |
| XH-B8.3 | 4º-XHB8.3.1 - Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. | Recoñece os principais feitos acontecidos durante a Transición española. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC, CAA, CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XH-B8.3 | 4º-XHB8.3.2 - Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc | Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase(15%) Proba obxectiva (60%). | CSC, CCL |
| XH-B8.3 | 4º-XHB8.3.3 - Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros | Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Investigacións. | CSC, CAA, CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. | | | | | | |
| XH-B8.4 | 4º-XHB8.4.1 - Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. | Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Investigacións(15 %). Diario de clase(15%). | CSC, CAA, CCL |
| XH-B9.1 | 4º-XHB9.1.1 - Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. | Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Investigacións. Diario de clase. | CSC, CD, CCL, CAA, CSIEE |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XH-B9.1 | 4º-XHB9.1.2 - Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. | Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC, CAA |
| XH-B9.2 | 4º-XHB9.2.1 - Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. | Coñece os peles e contras da implantación das TIC na nosa sociedade, os cambios e a evolución. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC, CAA, CCL, CD |
| XH-B9.3 | 4º-XHB9.3.1 - Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. | Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CD, CAA, CCL, CMCT, CSIEE |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XH-B10.1 | 4º-XHB10.1.1 - Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeo do Báltico. | Coñece os principais problemas ós que se enfrontan as sociedades actuais e o medio natural (quecemento global, desxeo do Báltico, etc.) | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CMCT, CAA, CCL |
| XH-B10.1 | 4º-XHB10.1.2 - Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. | Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC, CAA |
| XH-B10.1 | 4º-XHB10.1.3 - Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. | Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CMCT, CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XH-B10.2 | 4º-XHB10.2.1 - Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específica INSTRUMENTOS: Caderno de clase(15%). Proba obxectiva(60%). | CSC, CMCT |
| XH-B10.2 | 4º-XHB10.2.2 - Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC, CMCT |
| XH-B10.3 | 4º-XHB10.3.1 - Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC, CMCT |
| XH-B10.4 | 4º-XHB10.4.1 - Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. | Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase(15%). Proba obxectiva(60%). | CSC, CCL |

## 4. TEMPORALIZACIÓN DA MATERIA

De acordo co establecido pola Orde do12 de xuño de 2017, que aproba o calendario escolar, o presente curso comprenderá un mínimo de **175 días lectivos**. Para a planificación tivéronse en conta os días non lectivos locais.

Respecto á programación de todas as materias, realizouse unha temporalización estruturada de acordo coas **tres avaliacións** previstas no PEC: 19 e 20 de decembro, finais de marzo e 24 de xuño.

Tívose ademais en conta o feito de que en setembro e xuño este centro educativo conta con **xornada intensiva,** que conleva unha redución das sesións da materia. Tendo en conta que esta materia ten unha carga horaria semanal de 3 sesións (unhas 96 este curso) de 50 minutos, e que nos meses de setembro e outubro é de 45 minutos, o reparto de unidades será o seguinte:

| Nº | UD | TEMPORALIZACIÓN | AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|
| 1 | O século XVIII. A crise do Antigo Réxime | 5 sesións | 1ª Avaliación (33 sesións) |
| 2 | Revolucións liberais e movementos nacionalistas (1789-1871) | 7 sesións | |
| 3 | A Revolución Industrial. Industrialización das sociedades europeas | 7 sesións | |
| 4 | España no século XIX: construción dun réxime liberal, industrialización e sociedade | 7 sesións | |
| 5 | Industrialización e sociedade na España do século XIX | 7 sesións | |
| 6 | A época do Imperialismo e a Primeira Guerra Mundial | 7 sesións | 2ª Avaliación (31 sesións) |
| 7 | O período de entreguerras (1919-1939) | 6 sesións | |
| 8 | Tempos de confrontación en España (1898-1939) | 8 sesións | |
| 9 | A Segunda Guerra Mundial | 10 sesións | |
| 10 | Un mundo bipolar | 10 sesións | 3ª Avaliación (21 sesións) |
| 11 | España durante o Franquismo (1939-1973) | 10 sesións | |
| 12 | O mundo actual | 11 sesións | |

Ademais, das sesións marcadas contémplanse sesións adicadas á presentación da materia, avaliacións iniciais, realización de probas escritas, probas de recuperación, imprevistos, etc.

## 5. METODOLOXÍA ESPECÍFICA DA MATERIA

Consideramos que neste nivel da educación obrigatoria é necesario priorizar as estratexias metodolóxicas de **carácter motivador,** que estimulen o interese dos alumnos polos temas tratados na área. Para iso, as Unidades Didácticas desenvolveranse por medio dunha metodoloxía esencialmente activa, limitándose ao máximo a exposición maxistral, que se tentará reducir á explicación dos conceptos máis confusos, buscando a **participación constante dos alumnado na construción dos coñecementos.**
As áreas impartidas facilitan tamén ao dar unha **aplicación práctica** aos temas, partindo no posible do seu **contorno inmediato**, da realidade que eles coñecen, e evitando que lles resulten afastados ou carentes de interese. Dentro do posible tentarase facer algunha saída para observar en directo algúns dos fenómenos estudados na aula: coñecer unha industria ou unha estrutura agraria, visita a un museo de arte contemporánea, etc.

Na aula alternaranse os traballos e actividades **individuais** cos desenvolvidos en **pequeno e gran grupo,** facilitando a **comunicación** entre os alumnos e a súa **participación** na clase. Potenciaranse as estratexias de **busca e tratamento da información**, tanto escrita (prensa, manuais, monografías, etc.) como oral ou visual (medios de comunicación, diapositivas, etc). Dentro de cada unidade comezarase sempre por explorar os coñecementos previos sobre o tema: tormentas de ideas, preguntas na aula..., e a continuación daranse a coñecer os obxectivos, contidos, criterios de avaliación da unidade para que **o alumnado saiba o que se pretende conseguir** en cada momento.

Tentarase ademais atender a cada estudante de forma individualizada e flexibilizar o traballo adaptándose aos distintos **ritmos e estilos de aprendizaxe** dos rapaces e rapazas. Consideramos necesario permitirlle ao alumnado que afonden naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia, e que aporten en todo momento as súas **opinións** sobre o desenvolvemento dos contidos.

Como principios base subliñamos a motivación para captar o interese do alumnado; a prioridade da **comprensión** fronte á repetición mecánica; a **conexión dos temas cos coñecementos previos,** coa actualidade e coa experiencia propia; a **reflexión persoal e crítica;** a **interrelación entre pasado e presente.**

Podemos concluír que buscarase unha **metodoloxía comunicativa, inclusiva e participativa**, cun **enfoque competencial** que buscará o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de **problemas en contextos da vida real.**
Sendo o obxectivo último o achegamento do alumnado ao feitos e procesos histórico-xeográficos, combinaranse **metodoloxías integradoras** acordes ao principio de

**aprendizaxe construtiva**. Os contidos traballaranse gradualmente, priorizando nalgunhas ocasións actividades de tipo máis procedemental, especialmente no comezo do curso para asegurar unhas bases sólidas para o resto do tempo.

Traballarase dun xeito competencial a partires de propostas metodolóxicas de aprendizaxe **baseada en proxectos e traballo colaborativo.**

Por parte do profesorado:

- Explicación oral significativa, apoiándose no libro de texto, en presentacións audiovisuais para unha mellor reconstrución conceptual histórica que serán aloxadas na aula virtual do centro educativo.
- Subliñado de ideas-eixe que vertebren de xeito coherente a evolución e os cambios en aspectos fundamentais.
- Desenvolvemento temático de carácter acumulativo e progresivo. Cada nova unidade se sustenta no traballado anteriormente.
- Tratamento de fontes documentais que se consideren necesarias, sexan tomadas do libro de texto ou aportadas polo docente, a fin de fomentar os procedementos de indagación e comprensión.
- Fomento da participación, a reflexión e a confrontación de ideas.

Por parte do alumnado:

- Organización dos contidos por medio de esquemas, organigramas e mapas conceptuais.
- Realización de exercicios.
- Corrección na expresión cunha linguaxe específica da disciplina.
- Memorización comprensiva dentro dun proceso continuo de construción dos coñecementos.
- Elaboración de traballos de indagación a partir de fontes diversas (escritas, mapas, imaxes, audiovisuais, informáticas…).

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia do CPI Cernadas de Castro conta con numerosos recursos didácticas: bibliografía, filmografía, colección de diapositivas, mapas, etc.

Este Departamento ten asignado o uso dun **ordenador portátil** que se utiliza para utilizar nas aulas que non están dotadas con equipamento informático. Solicitarase a **aula de informática** sempre que sexa posible, especialmente para as materias de Economía e en Xeografía e Historia. Dende finais do curso 2015/2016 **todas as aulas contan cun equipamento informático conectado á rede**, facilitando o uso das TIC como recurso esencial.

Dado a grande variedade de recursos didácticos posibles, tentarase diversificar o seu uso, combinando os libros de textos como recurso de consulta e recompilación de documentos, cun gran número de **recursos audiovisuais**, sempre que as condicións técnicas o permitan.

As TIC resultan especialmente motivadoras e o uso da internet é unha fonte de información e recurso didáctico con moito potencial nestas áreas. Este ano crearánse cursos na **aula virtual** como soporte e apoio para todos os niveis.

Ademais dos recursos do departamento, o centro ten dispoñible unha **cámara de vídeo** e unha **cámara de fotos,** que poderán ser utilizados para diversas actividades.

Ademais, dada a importancia social que teñen os **medios de comunicación** na actualidade, á que se une o seu compoñente motivador, farase imprescindible o uso da **prensa** escrita para ser empregada na análise de informacións, para recompilar datos, etc.

Nesta materia **non se establece libro de texto obrigatorio.** Utilizaranse materias contextualizados e adaptados ao alumnado que serán facilitados ao longo do curso.

Outro aspecto fundamental é o propio **caderno do alumno**, que deberá cumprir coas normas básicas de presentación e que será o referente do traballo realizado na aula polo alumnado. Na presentación de traballos e proxectos o profesorado indicará unhas directrices de presentación que se deben cumprir.

## 7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA MATERIA

Resulta fundamental ter presente que a finalidade da avaliación ten que ser formativa, pois trátase de detectar en cada intre como se adaptan os alumnos e alumnas individualmente ao proceso de ensinanza-aprendizaxe previsto e corrixir de forma inmediata os erros do mesmo. No procedemento de avaliación desta materia,

respectaranse os distintos momentos e funcións naturais da avaliación: inicial, formativa e sumativa.

**7.1.** Ten importancia crucial a **avaliación inicial** coa que valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado e realizarase ao comezo de curso e de cada unidade didáctica ou tema novo. Un instrumento apropiado para esta avaliación pode ser unha **proba inicial escrita ou preguntas orais** como tormenta de ideas, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos, así como destinadas a enlazar o xa aprendido co que se vai a aprender.

**7.2. Tipos de avaliación.** Para que o proceso de avaliación sexa íntegro, todos os axentes implicados no proceso de aprendizaxe deben ser escoitados. Fomentarase a **coavaliación e a autoavaliación** por medio de ferramentas como as **rúbricas** que permitan coñecer o grao de adquisición de contidos e competencias.

Dende este Departamento óptase por un procedemento de avaliación o máis transparente posible de cara ao alumnado e ás familias, polo que en todo momento se informará tanto dos instrumentos como dos criterios de avaliación e cualificación. Consideramos que se o alumnado coñece cales son os obxectivos de aprendizaxe e como se van avaliar, será máis doado que os acade.

**7.3. Criterios de avaliación**. Os criterios de avaliación seguen estritamente o currículo vixente na nosa comunidade autónoma (Decreto 86/2015). Estes criterios son concretados en indicadores de avaliación para cada unidade didáctica, de tal xeito que nos permiten a súa relación directa coas competencias que se traballan con cada un deles.

B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.

B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.

B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII.

B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.

B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.

B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento

causal.

B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.

B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.

B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.

B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais

B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.

B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.

B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.

B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.

B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.

B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.

B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.

B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil

B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial.

B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.

B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.

B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.

B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.

B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa.

B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto.

B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975.

B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.

B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.

B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.

B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea.

B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores.

B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica.

B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.

B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.

B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.

B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).

B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

**7.4. Instrumentos de avaliación** a utilizar nas distintas materias serán variados para atender aos distintos estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, entre os que destacamos os seguintes:

- Probas de avaliación inicial para detectar o punto de partida de cada un dos alumnos, e as súas posibles carencias e necesidades.
- Observación diaria na aula e libro de rexistro: realización ou non dos traballos, esforzo individual, participación nas tarefas en grupo, etc
- Elaboración de cadernos de clase nos que deben aparecer tanto os apuntes tomados na clase como os exercicios realizados.
- Análise dos traballos individuais, normalmente de carácter escrito (comentarios de textos, elaboración e comentarios de gráficas, proxecto emprendedor, traballos monográficos, etc.)
- Traballos en grupo, preferentemente en formato audiovisual, para ser expostos na aula que poderán ser avaliados con listaxes de control.
- Rúbricas como elemento primordial para coñecer o grao de desempeño dunha competencia.
- Probas escritas de carácter sumativo, normalmente ao rematar cada unidade, ou de cada dúas con conceptos dificilmente avaliables por outras vías.

O profesorado levará rexistro das evidencias da aprendizaxe do alumnado no libro de profesorado dixital ou en formato papel.

### 7.5. Procedemento de cualificación e promoción

<table>
<tr><td colspan="2">PUNTUACIÓNS</td></tr>
<tr><td colspan="2">Serán numéricas, arredondada á unidade máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior. As probas escritas puntuaranse numericamente do 0 ao 10, sendo o aprobado o 5. As rúbricas establecerán 4 columnas de nivel de desempeño, sendo o nivel C o mínimo para superar.</td></tr>
<tr><td colspan="2">BAREMACIÓN PARA AS CUALIFICACIÒNS</td></tr>
<tr><td rowspan="2">NOTA DE AVALIACIÓN</td><td>A cualificación resultará da media de todas as unidades impartidas.<br>A ponderación dos instrumentos de avaliación será a que segue:<br>-Probas de adquisición de contidos (exames escritos, traballos individuais ou en grupo, traballos de investigación, tarefas entregadas, etc.): 70%<br>-Traballo de clase: 30%</td></tr>
<tr><td>Para ter superada a avaliación o alumnado deberá ter superados os mínimos esixidos referidos a cada estándar (ver apartado 5)</td></tr>
<tr><td>NOTA FINAL EN CONVOCATORIA ORDINARIA</td><td>A media aritmética das cualificacións das tres avaliacións superadas.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| NOTA FINAL EN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA | A cualificación obtida na proba escrita de setembro. |
| ESPECIFICACIÓNS | |
| Todas as probas e actividades propostas terán especificada a puntuación que corresponda e que determinará en cada momento o profesorado grazas aos distintos instrumentos de avaliación. | |
| Non se repetirán actividades e probas nos casos de non asistencia, agás en circunstancias excepcionais como enfermidade debidamente xustificada. As actividades e probas non realizadas poderán facerse na recuperación para tal efecto. | |
| Calquera proba na que se teña copiado terá como consecuencia inmediata a anulación de dita proba, polo que deberase realizar a recuperación de toda a avaliación. De tratarse dunha proba de recuperación , o exame queda suspenso e pendente para as probas de suficiencia, de copiar nestas probas quedará pendente para setembro e de copiar nesta convocatoria, a materia queda suspensa para o vindeiro curso. | |
| Os exames e/ou probas escritas poderán ir seguidas da correspondente contrastación oral sempre que o profesor o considere oportuno, por exemplo se hai sospeita de que un alumno teña copiado. Esta proba oral se realizará nun prazo non superior aos catro días despois da dita proba escrita. | |
| ASISTENCIA E COMPORTAMENTO | |
| No caso de faltas de orde graves, impuntualidade, carencia reiterada do material preciso, comunicarase ao equipo directivo para levar a cabo as medidas oportunas recollidas no proxecto educativo do centro. | |

## 7.6. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

| | |
|---|---|
| **¿QUÉ AVALIAR?** | O cumprimento da temporalización<br>Logro dos obxectivos<br>Cumprimento dos acordos<br>Dificultades atopadas<br>Necesidades atopadas<br>Resultados de aprendizaxe acadados<br>Idoneidade dos recursos empregados<br>Eficacia das actividades de reforzo e recuperación |
| **¿COMO AVALIAR?** | Autoavaliación: análise individual das dificultades atopadas, as necesidades, os puntos fortes.<br>Avalición grupal do departamento: posta en común e procura de solucións<br>Heteroavaliación: enquisa da práctica do centro polo alumnado a final de curso |
| **¿CANDO AVALIAR?** | Mensualmente: seguimento da programación, reunións de departamento<br>Por avaliación: seguimento e cumprimento da programación<br>Ao finalizar o curso: cumprimento e resultados de aprendizaxe. |
| **MEDIDAS A TOMAR** | No momento que sexa preciso e así se acorde, introduciranse os cambios ou axustes necesarios que se farán constar en acta de reunión de departamento e na memoria |

| | |
|---|---|
| | final de curso, onde tamén se indicarán as necesidades de modificación para o seguinte curso. |

Neste caso trátase de establecer na programación que aspectos nos poden aportar información obxectiva acerca do desenvolvemento do proceso. En cada un deles haberá que establecer o grao de consecución.

**Análise da temporalización establecida.**

◦ Indicador : A lo menos un 80% da programación didáctica.

**Porcentaxe de alumnado que acada unha valoración positiva na materia.**

◦ Indicador: A lo menos un 80%

**Efectividade das medidas adoptadas para a atención á diversidade.**

◦ Indicador: A lo menos un 80%

**Eficacia e efectividade dos recursos humanos e materiais empregados.**

◦ Indicador: cualificación do 80%

**Metodoloxía: proposta de accións de aula variadas en canto á metodoloxía (traballo cooperativo e colaborativo, resolución de problemas**

◦ Indicador: A lo menos empregouse o traballo colaborativo ou cooperativo en dúas ocasións por avaliación.

◦ Indicador: plantexouse a resolución de problemas a través de tarefas a lo menos en dúas ocasións por avaliación.

**Instrumentos de avaliación**

◦ Indicador: empréganse instrumentos de avaliación variados.

◦ Indicador: Os instrumentos proporcionan información sobre os estándares

◦ Indicador: O alumnado é coñecedor previo á avaliación dos instrumentos que se empregarán

**Nivel de coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.**

◦ Indicador: Constátase a información ás familias e ao resto do equipo docente.

**Clima de traballo na aula**

- Indicador : o número de incidencias no grupo é baixo..

**Contribución da práctica docente ao desenvolvemento xeral dos plans e proxectos do centro.**

- Indicador: o departamento participa a lo menos nun proxecto de centro.

### 7.7. Procedementos para avaliar a programación

| | |
|---|---|
| **¿QUÉ AVALIAR?** | A adecuación da temporalización<br>Consecución dos obxectivos<br>Dificultades atopadas para a posta en práctica da programación<br>Idoneidade dos recursos propostos<br>Necesidades e propostas de mellora |
| **¿COMO AVALIAR?** | Autoavaliación: análise individual das dificultades atopadas, as necesidades, os puntos fortes.<br>Avaliación grupal do departamento: posta en común e procura de solucións<br>Enquisa da práctica do centro polo alumnado a final de curso |
| **¿CANDO AVALIAR?** | Mensualmente: seguimento da programación, reunións de departamento<br>Por avaliación: seguimento e cumprimento da programación<br>Ao finalizar o curso: cumprimento e resultados de aprendizaxe. |
| **MEDIDAS A TOMAR** | No momento que sexa preciso e así se acorde, introduciranse os cambios ou axustes necesarios que se farán constar en acta de reunión de departamento e na memoria final de curso, onde tamén se indicarán as necesidades de modificación para o seguinte curso. |

## 8. PLAN DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

O alumnado con materias pendentes combinará a realización de traballos prácticos ao longo do curso que se recollerán periodicamente por trimestre, e un único exame final.

**8.1. Instrumentos de avaliación.** O profesorado que imparta as respectivas materias ou, no seu defecto, a xefatura de departamento, será o encargado de supervisar as distintas actividades de avaliación encamiñadas á superación das materias pendentes.

Ditas actividades de avaliación consistirán na realización dunha serie de **actividades e tarefas** entregadas a/o alumno/a en **cada trimestre**, e que este/a deberá entregar antes da

data fixada polo profesor como límite. De non entregar os traballos ou non facelo satisfactoriamente haberá unha **proba escrita no mes de maio.**

Periodicamente, o profesorado prestará **apoio** e atenderá ás dificultades e resolverá as dúbidas que o alumnado poida presentar con respecto aos exercicios propostos.

**8.2. Criterios de avaliación e cualificación** para superar as materias pendentes pola avaliación continua. Os criterios de avaliación, os contidos e as competencias a desenvolver serán os que se especifican como mínimos esixibles en cada un dos cursos da secundaria.

En caso de avaliación negativa no mes de maio, poderán presentarse a un exame de **avaliación extraordinaria en setembro.**

## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste nivel educativo é máis frecuente que nos cursos de primaria a existencia de alumnado con moi **diferentes necesidades educativas** debido ás súas diversas capacidades, motivacións, estilos de aprendizaxe e intereses. Por iso é necesario ofrecer diferentes respostas dentro da aula, que se poden concretar nos seguintes aspectos:

No referido ós obxectivos didácticos, procuraremos un **equilibro entre os distintos tipos de capacidades** a desenvolver, de forma que o alumnado atope diferentes vías para alcanzar os mesmos obxectivos.

- Capacidades cognitivas: obxectivos referidos a identificar, recoñecer, etc.
- Capacidades afectivas: obxectivos referidos á valoración e aprecio do patrimonio.
- Capacidades de inserción social: obxectivos orientados á valoración das repercusións de diversos feitos, á mellora do contorno social, etc.

- Capacidades de relación interpersoal: realización de tarefas en grupo, participación en debates.
- Ademais disto priorizaranse as capacidades transversais, polo que o alumnado que non consiga algún obxectivo da etapa a través da área de Ciencias Socias, Xeografía e Historia, pode facelo a través das outras áreas.

No referido os contidos tentarase:

- Fixar **prioridades**, é dicir, distinguir entre os contidos substanciais, que resultan básicos e clave, e outras contidos accidentais que poden ser complementarios dos anteriores.
- Establecer un **equilibrio entre os distintos tipos de contidos** (conceptos, procedementos e actitudes), tal e como se fixo cos distintos tipos de capacidades nos obxectivos didácticos.

Hai unha serie de **medidas de aula** que favorecen o desenvolvemento da diversidade e que en parte sinalamos no apartado de metodoloxía:

- Uso de **metodoloxías diversa**s, combinando os métodos de exposición e indagación.
- **Actividades diferenciadas** para acadar un grao ou outro de afondamento nos obxectivos. O alumnado que desexe ampliar coñecemento poderá realizar actividades aportadas polo profesorado.
- **Materiais heteroxéneos**, combinando o libro de texto ou as monografías específicas con medios audiovisuais que contribúan a reforzar a motivación ou a aportar tarefas específicas a alumnos con dificultades de aprendizaxe.
- **Agrupamentos flexibles**, de forma que o alumnado poidan ser cambiados de lugar en función das necesidades da clase, sobre todo para o traballo en pequeno e gran grupo.
- Utilización de **ritmos distintos**, acordes coas capacidades e posibilidades dos alumnos e alumnas.

No tocante aos recursos didácticos utilizados, aquelas persoas con algunha discapacidade temporal ou permanente, recibirán unha atención personalizada co apoio de institucións externas e o departamento de Orientación, buscando en todo momento o principio de **accesibilidade universal.**

Teranse ademais en conta as **pautas de actuación** marcadas polo Departamento para todos aqueles casos que así o precisen (atención a alumnado con **TDAH)**.

Na avaliación procurarase:

- deseñar distintos **niveis de complexidade**, diferenciando graos de dificultade: que recoñeza e identifique, que analice e valore, que analice e valore criticamente a información. Tentarase que cada alumno alcance os tres niveis, pero o grao de abstracción e dificultade de cada un permitirá diversificar os resultados do alumnado.
- Partindo das **avaliacións iniciais** ao principio de curso e en cada unidade, considerarase a necesidade de utilizar **reforzos** ou **exercicios complementarios**.
- Utilizaranse **estratexias e instrumentos de avaliación variados,** como expoñemos no apartado de avaliación, para contribuír á atención á diversidade.

Finalmente, para aqueles alumnos/as que non consigan acadar os obxectivos mínimos a través de todas estas medidas ordinarias de aula, recorrerase a:

- **Reforzos educativos,** consistentes nun tratamento personalizado da materia coa realización de exercicios específicos. O alumnado que precise dun reforzo haberán de alcanzar, en calquera caso, os obxectivos mínimos da materia para obter unha avaliación positiva.
- **Adaptacións curriculares individualizadas**, realizadas en colaboración co Departamento de Orientación e que poderán incidir tanto nos contidos como na metodoloxía e mesmo nos obxectivos, con probas deseñadas particularmente para os alumnos e alumnas que o necesitasen.

## 10. TEMAS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES

Os elementos transversais están presentes en todos os elementos desta materia. A continuación, resumimos os temas de maior importancia que perseguen unha actitude responsable e comprometida do alumnado no seo da sociedade e que serán promovidos na materia obxecto desta programación:

- A comprensión lectora, a **expresión oral e escrita,** a comunicación audiovisual, as **tecnoloxías da información e comunicación.**

**- O emprendemento e a autonomía persoal**. Fomentaranse as medidas para que o alumnado en actividades que lle permitan afianzar o **espírito emprendedor e a iniciativa empresarial** a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- A educación **cívica e constitucional.**

- Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a **prevención da violencia de xénero** ou contra persoas con discapacidade; así como os valores inherentes ao principio de **igualdade de trato e non discriminación** por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Promoverase a aprendizaxe da prevención e **resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración das vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Esta programación contempla a **prevención da violencia de xénero**, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

**Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipo**s que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Con respecto á **Seguridade viaria,** promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

## 11. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Dende este departamento e as áreas impartidas contribúese ao plan de convivencia participando en todas as accións propostas. Para iso, levaranse a cabo en todas as materias

pola súa propia natureza **promovendo a educación nunha convivencia democrática,** o respecto á **liberdade de conciencia e convicción relixiosa,** o **respecto ás normas de convivencia do centro**, o fomento dun **clima positivo** de convivencia, mantemento dun comportamento adecuado tanto centro como fóra da aula.

As actividades serán tanto diarias como aquelas ofertadas polo centro, por exemplo, **conmemoracións** ou participación en programas que favorezan a convivencia dos membros da comunidade escolar. Neste curso celebraremos, levando a cabo distintas accións, as seguintes conmemoracións recollidas pola Orde do 12 de xuño de 2017, que aproba o calendario escolar:

25 de novembro de 2017: **Día Internacional contra a Violencia de Xénero**

30 de xaneiro de 2018: **Día Escolar da Non Violencia e a Paz**

## 12. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

As TIC resultan imprescindibles na área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, porque aumentan as posibilidades de comunicación, axilizan os intercambios e mesmo poden propiciar formas de **traballo cooperativo** que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos.

Algúns dos usos das TIC que temos previsto facer son os seguintes:

- **Busca de información** en diferentes páxinas web, que serán aportadas polo profesorado (nunca deixando ao criterio do alumnado a busca libre na rede) para completar traballos de Historia ou Xeografía. Así por exemplo, faranse traballos sobre a incorporación da muller á vida laboral no mundo, a inmigración, os dereitos humanos.. Estas buscas de información formarán parte sempre de traballos perfectamente estruturados, para facilitarlle ao alumnado as labores de selección e organización dos datos.
- Será fundamental o uso de ferramentas como **Google Maps e Google Earth,** non soamente nas materias con contido xeográfico, senón tamén ao abordar contidos de Historia e Arte.
- Potenciarase o uso de páxinas oficiais como **INE**, **IGE** ou **Instituto de Estudos do Territorio.**

- Utilización de programas informáticos como **Power Point** para facer exposicións na clase, tanto por parte do profesorado como do alumnado. En todos os niveis, podería utilizarse por parte do profesorado a presentación do Proxecto Terra.
- Utilización de **ferramentas de autor** de elaboración propias ou alleas, respectando e promovendo o respecto á propiedade intelectual. En concreto, na materia da serán moi utilizados este tipo de recursos, dado que non está estipulado o uso dun libro de texto en concreto. Para un mellor desenvolvemento da sección, a profesora encargada das dúas materias, elaborará material propio e adaptado á realidade do alumnado deste centro.

## 13. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Dende este Departamento de CCSS, Xeografía e Historia desexamos, dende as nosas materias, introducir elementos que **promovan a adquisición das competencias no ámbito da lectura** (véxase destreza lectora e escritora). Para iso, é preciso programar e deixar explícitas as actividades que pretendemos levar a cabo en relación co plan lector do centro.

As materias obxecto desta programación contribúen a desenvolver o dominio das habilidades de l**er e escribir diferentes tipos de textos,** cada vez máis complexos, e que resultan fundamentais como elementos de **información social e histórica.** Nese sentido, consideramos que a formación de lectores capacitados debe comezar por un achegamento aos textos máis sinxelos e cunha linguaxe adaptada aos alumnos e alumnas. No caso das Ciencias Sociais, posúen un léxico complexo e moitas veces novidoso, que será conveniente presentar de **forma gradual**. Así, os estudantes dos cursos inferiores traballarán de forma máis habitual con textos adaptados, procedentes dos libros do seu nivel, para ir despois atopando esa linguaxe específica en textos xornalísticos ou monografías especializadas. Dende primeiro curso, facilitarase tamén a lectura de **gráficos e táboas**, que irán gañando en complexidade nos dous últimos anos.

Na aula desenvolveranse a diario estratexias de **comprensión lectora e destreza escritora**:

- **Lectura en voz alta**. Cada día varios estudantes lerán por quenda en voz alta, durante non menos de dez minutos, diferentes parágrafos, ben do libro de texto, ben de artigos de xornais ou outro tipo de textos aportados polo profesorado. O

profesorado realizará a continuación una serie de preguntas, tamén en voz alta, para comprobar o grao de comprensión adquirido pola clase. Por último, explicará todos aqueles aspectos que non quedaran suficientemente claros.

- **Lectura en voz baixa**. Polo menos un día na semana o profesorado dedicará quince minutos á lectura individual dalgún texto, que poderá ser tamén do libro ou un recurso que considere interesante, sobre o cal o alumnado realizará actividades escritas que servirán para coñecer o nivel de comprensión acadado por cada un deles.
- **Comentario de textos**. Na materia de Ciencias Sociais , Xeografía e Historia de 4º de ESO dedicarase unha clase quincenal ao tratamento do comentario de textos. O alumnado achegaranse á técnica do comentario, que parte dunha **lectura detida e comprensiva** dun texto histórico para chegar a analizar e comentar, utilizando a metodoloxía propia da historia, fontes primarias e secundarias axeitadas ao seu nivel. Nas materias de Valores Éticos, Educación para a Cidadanía e Ética o comentario de textos será tamén unha práctica habitual, especialmente para fomentar unha **análise crítica e a configuración da opinión persoal.**

Neste curso celebraremos as seguintes **conmemoracións** relacionadas co fomento da lectoescritura recollidas pola Orde do 12 de xuño de 2017, que aproba o calendario escolar:

25 de novembro de 2017: **Día Internacional contra a Violencia de Xénero**

30 de xaneiro de 2018: **Día Escolar da Non Violencia e a Paz**

23 ao 27 de abril de 2018: **Semana do Libro**

17 de maio de 2018: **Día das Letras Galegas**

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

En relación ás actividades **complementarias**, este Departamento participará en todas aquelas que organice o centro de acordo co proxecto curricular e que se consideren de interese para as materias.

- Actividades organizadas por este Departamento no centro educativo: visionado de audiovisuais, concurso de fotografía, montaxe de exposicións.

- Actividades de temas transversais organizadas polo Departamento de Orientación que poden ser integradas no currículo destas materias.
- Actividades organizadas por outros Departamentos didácticos que poidan ser integradas na programación prevista.
- Actividades interdisciplinares organizadas pola Dirección do centro educativo ou polos equipos de Dinamización Lingüística, equipo da Biblioteca, equipo TIC, equipo de actividades extraescolares.

## 15. DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ALUMNADO E A COMUNIDADE ESCOLAR

De acordo co establecido pola Orde do 12 de xuño de 2017, que aproba o calendario escolar, ao inicio do curso darase a coñecer ao alumnado e a comunidade escolar dará a i**nformación básica relativa ás programacións didácticas**, incluíndo obxectivos, contidos e criterios de avaliación, mínimos esixibles para obter valoración positiva, criterios de cualificación e procedementos de avaliación que se van utilizar.

Ademais, para dar a maior difusión posible e garantir a súa publicidade, as programacións estarán a disposición do alumnado e das familias na páxina **web do centro educativo**. Por último, o alumnado terá á súa disposición unha **síntese da programación** na súa aula de referencia para que poidan facer en calquera momento unha consulta da mesma.

## 16. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS NO PROCESO EDUCATIVO

Facilitarase en todo momento a **participación** e **implicación** das familias no proceso educativo. Dende o comezo farase a maior difusión posible da programación das materias e organizarase unha reunión coas familias que desexen coñecer máis polo miúdo as características propias de cada materia.

Ao longo do proceso ensinanza-aprendizaxe farase un seguimento e acompañamento. Ademais do asesoramento nos aspectos pedagóxicos concretos de cada estudante, **informarase** periodicamente do desenvolvemento do alumno ou alumna na aula e no centro.

Fomentarase a participación nas actividades complementarias que se organicen dende este Departamento. A familia será un aspecto clave na aprendizaxe, sendo o **referente**

máis próximo do alumnado, por iso, con frecuencia moitas actividades de aprendizaxe destas materias terán como punto de partida o contorno máis cercano.

En definitiva, potenciarase a relación, **comunicación** e transparencia ao máximo posible. Informarase á sobre a avaliación do proceso ensinanza-aprendizaxe.

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# ECONOMÍA

# 4º ESO

curso 2018-2019

Profesor da materia: Román Sanz Freire

## 1. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O aporte da materia de Economía ao desenvolvemento das competencias é moi relevante. Esta materia contribúe ao desenvolvemento, ademais, da **competencia de sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor,** que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como das **competencias de comunicación lingüística e matemática,** e das **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital, sociais e cívicas, e a competencia de aprender a aprender.** Todas elas están presentes na programación, desenvolvemento e avaliación da materia. A continuación explícase a contribución da materia a cada unha das competencias e detallándose a aportación ao **perfil competencial.**

A **competencia para aprender a aprender (CAA)**supón iniciarse na aprendizaxe e continuala dun xeito **autónomo**. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas. Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades. Noutras palabras, trátase de coñecer as **propias potencialidades e as propias carencia**s.
Os estándares da materia que contribúen ao desenvolvemento da CAA son:

| |
|---|
| 4º-ECB1.1.2 - Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. |
| 4º-ECB1.2.2 - Diferencia entre economía positiva e economía normativa. |
| 4º-ECB2.1.2 - Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. |
| 4º-ECB3.1.1 - Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. |
| 4º-ECB3.1.2 - Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. |
| 4º-ECB3.1.3 - Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. |

| |
|---|
| 4º-ECB3.2.1 - Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional |
| 4º-ECB3.3.1 - Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. |
| 4º-ECB3.3.2 - Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. |
| 4º-ECB3.4.2 - Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. |
| 4º-ECB3.4.3 - Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas |
| 4º-ECB3.5.1 - Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. |
| 4º-ECB5.2.3 - Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego |
| 4º-ECB6.1.1 - Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. |
| 4º-ECB6.1.3 - Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. |
| 4º-ECB6.1.5 - Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. |

No mundo actual é innegable a importancia que ten a **competencia dixital (CD)** para a comprensión dos fenómenos sociais e económicos. Poder contar con certas habilidades para **buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento**. As TIC resultan imprescindibles na sociedade da información en que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar **formas de traballo cooperativo** que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área. En todo caso, debe insistirse en que a información é preciso saber utilizala, xa que por si mesma non produce unha forma axeitada de coñecemento. Por iso, é necesario comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento e, así mesmo, capacitarse para a **transmisión desta información** do xeito máis eficaz posible. Na materia de Economía a información aparece en diferentes formatos que o alumnado deberá ir

coñecendo e utilizando cada vez en maior medida ó longo da etapa. Os estándares da materia que contribúen ao desenvolvemento da CD son:

| |
|---|
| 4º-ECB1.1.2 - Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. |
| 4º-ECB1.2.3 - Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. |
| 4º-ECB2.1.2 - Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. |
| 4º-ECB2.2.2 - Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. |
| 4º-ECB2.3.1 - Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. |
| 4º-ECB2.4.1 - Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. |
| 4º-ECB2.5.1 - Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. |
| 4º-ECB3.1.1 - Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. |
| 4º-ECB3.1.2 - Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. |
| 4º-ECB3.1.3 - Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. |
| 4º-ECB3.4.2 - Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. |
| 4º-ECB3.4.3 - Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. |
| 4º-ECB3.4.4 - Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. |
| 4º-ECB4.1.2 - Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. |

| |
|---|
| 4º-ECB4.3.2 - Interpreta gráficos representativos da distribución da renda |
| 4º-ECB5.1.3 - Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. |
| 4º-ECB5.2.2 - Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. |
| 4º-ECB5.2.3 - Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego |
| 4º-ECB6.1.3 - Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. |
| 4º-ECB6.1.4 - Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. |

Na medida en que a linguaxe é un vehículo imprescindible de comunicación no proceso de ensinanza aprendizaxe, a **competencia en comunicación lingüística (CCL)**resulta imprescindible. A lingua é o principal instrumento para **organizar o pensamento**, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, e así mesmo, adquirir un **vocabulario preciso e específico** da materia que deberá asumir o alumnado, como tamén a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente. Esta competencia implica o dominio das habilidades de ler e escribir **diferentes tipos de textos** cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información da materia. Trátase de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión. Os estándares da materia que contribúen ao desenvolvemento da CCL son:

| |
|---|
| 4º-ECB1.1.1 - Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. |
| 4º-ECB1.2.1 - Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. |
| 4º-ECB2.3.1 - Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. |
| 4º-ECB3.4.1 - Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. |

| |
|---|
| 4º-ECB3.4.2 - Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. |
| 4º-ECB3.4.4 - Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. |
| 4º-ECB3.5.1 - Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. |
| 4º-ECB4.1.4 - Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. |
| 4º-ECB4.2.1 - Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. |
| 4º-ECB4.3.1 - Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. |
| 4º-ECB5.1.1 - Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. |
| 4º-ECB5.1.2 - Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. |
| 4º-ECB5.2.1 - Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. |
| 4º-ECB6.1.2 - Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. |
| 4º-ECB6.1.4 - Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. |

**A competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)** non aparece relacionada con ningún estándar da materia pero tentarase na medida do posible axudar ao desenvolvemento desta competencia.

Así a **competencia matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)** ten o obxectivo de que os alumnos e alumnas sexan quen de interpretar e producir **informacións cuantitativas** e espaciais da realidade que nos rodea, e sexan capaces de

resolver problemas relativos á vida diaria e ó mundo laboral. Os estándares da materia que contribúen ao desenvolvemento da CMCCT son:

| |
|---|
| 4º-ECB1.2.3 - Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. |
| 4º-ECB1.3.1 - Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. |
| 4º-ECB1.3.2 - Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. |
| 4º-ECB2.1.1 - Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. |
| 4º-ECB2.2.1 - Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. |
| 4º-ECB2.3.1 - Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. |
| 4º-ECB2.4.1 - Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. |
| 4º-ECB2.5.1 - Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. |
| 4º-ECB3.1.1 - Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. |
| 4º-ECB3.1.2 - Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. |
| 4º-ECB3.1.3 - Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. |
| 4º-ECB3.4.1 - Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. |

| |
|---|
| 4º-ECB3.4.4 - Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. |
| 4º-ECB3.5.1 - Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. |
| 4º-ECB4.1.1 - Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. |
| 4º-ECB4.1.2 - Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. |
| 4º-ECB4.1.3 - Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. |
| 4º-ECB4.1.4 - Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. |
| 4º-ECB4.2.1 - Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. |
| 4º-ECB4.3.1 - Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. |
| 4º-ECB4.3.2 - Interpreta gráficos representativos da distribución da renda |
| 4º-ECB5.1.2 - Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. |
| 4º-ECB5.1.3 - Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. |
| 4º-ECB5.2.1 - Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. |

En canto ó desenvolvemento da competencia do **sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE)** esta competencia lles permitirá optar cun criterio propio ante diversas situacións e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida facéndose responsable dela no persoal e no social. A área contribúe ó seu desenvolvemento:

| |
|---|
| 4º-ECB2.1.1 - Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. |
| 4º-ECB2.1.3 - Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. |
| 4º-ECB3.2.1 - Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional |

A área de Xeografía e Historia resulta fundamental para o desenvolvemento da **competencia sociais e cívicas (CSC)**, posto que facilita as relacións dentro dun **modelo de sociedade cada vez máis plural**, e así mesmo a comprensión da realidade social. Os estándares da materia que contribúen directamente ao desenvolvemento da CSC son:

| |
|---|
| 4º-ECB1.1.1 - Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. |
| 4º-ECB1.2.2 - Diferencia entre economía positiva e economía normativa. |
| 4º-ECB1.3.1 - Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. |
| 4º-ECB1.3.2 - Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. |
| 4º-ECB2.1.3 - Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. |
| 4º-ECB2.2.1 - Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. |
| 4º-ECB2.2.2 - Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. |
| 4º-ECB2.5.2 - Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. |

| |
|---|
| 4º-ECB3.3.1 - Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. |
| 4º-ECB3.3.2 - Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. |
| 4º-ECB4.1.1 - Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. |
| 4º-ECB4.1.3 - Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. |
| 4º-ECB4.1.4 - Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. |
| 4º-ECB4.3.1 - Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. |
| 4º-ECB5.1.1 - Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. |
| 4º-ECB5.1.2 - Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. |
| 4º-ECB5.2.1 - Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. |
| 4º-ECB5.2.2 - Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. |
| 4º-ECB6.1.1 - Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. |
| 4º-ECB6.1.2 - Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. |
| 4º-ECB6.1.3 - Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. |
| 4º-ECB6.1.4 - Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. |
| 4º-ECB6.1.5 - Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. |

## 2. OBXECTIVOS

**2.1. Obxectivos xerais da etapa.** Contémplanse na lexislación vixente os seguintes obxectivos de etapa de ESO e que, por tanto, comparten todas ás materias desta programación:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación..

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicóacin con outras linguas en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

**2.2. Obxectivos de áreas ou materias**. Considérase necesario concretar os obxectivos de etapa da ESO nuns obxectivos de materia, que han contribuír á consecución das competencias. Decidiuse, por tanto, elaborar uns obxectivos de materia partindo dos obxectivos de materia existentes ata o novo cambio lexislativo. Ademais nunha maior concreción da materia, desenvolveranse uns obxectivos específicos en cada unidade.

1.Identificalo ciclo da actividade económica. Distinguir sistemas económicos e formar un xuízo persoal acerca das vantaxes e inconvenientes de cada un deles.

2. Manifestar interese por coñecer e interpretar con sentido crítico e solidario os grandes problemas económicos actuais, en especial as desigualdades económicas e a sobreexplotación de recursos naturais e os derivados da globalización da actividade económica.

3. Relacionar feitos económicos significativos co contexto social, político, cultural e natural en que teñen lugar. Trasladar esta reflexión ás situacións cotiás.

4. Describir o funcionamento do mercado, así como os seus límites, formulando un xuízo crítico do sistema e do papel regulador do sector público.

5. Coñecer e comprender os trazos característicos da situación e perspectivas da economía española e europea no contexto económico internacional.

6. Formular xuízos persoais acerca de problemas económicos de actualidade. Comunicar as súas opinións argumentando con precisión e rigor, aceptar a discrepancia e os puntos de vista distintos como vía de enriquecemento persoal.

7. Interpretar as mensaxes, datos e informacións que aparecen nos medios de comunicación e/ou internet sobre problemas económicos actuais, e contrastar as medidas correctoras de política económica que se propoñen.

8. Analizar e valorar criticamente as repercusións do crecemento económico sobre o medio ambiente e a calidade de vida das persoas.

9. Abordar de forma autónoma e razoada problemas económicos da contorna utilizando os procedementos de indagación das ciencias sociais e diversas fontes e medios de información, entre elas as tecnoloxías da información e comunicación.

10. Coñecer e comprender o uso e significado das principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.

## 3. CONCRECIÓN CURRICULAR

Indícase a continuación a concreción curricular da materia. Pártese da concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable, indícase a súa temporalización, o grao mínimo de

consecución para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación a empregar.

| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **C.C** |
|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1: Ideas económicas básicas** | | | | | |
| B1.1 | 4º-ECB1.1.1 - Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. | X | | | CCL CSC |
| B1.1 | 4º-ECB1.1.2 - Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. | X | | | CAA CD |
| B1.2 | 4º-ECB1.2.1 - Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. | X | X | X | CCL |
| B1.2 | 4º-ECB1.2.2 - Diferencia entre economía positiva e economía normativa. | X | | | CAACSC |
| B1.2 | 4º-ECB1.2.3 - Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. | X | | | CD CMCT |
| B1.3 | 4º-ECB1.3.1 - Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. | X | | | CSC CMCT |
| B1.3 | 4º-ECB1.3.2 - Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. | X | X | X | CSC CMCT |
| | | | | | |
| B2.1 | 4º-ECB2.1.1 - Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. | | X | | CSIEE CMCT |
| B2.1 | 4º-ECB2.1.2 - Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | | X | | CAA CD |
| B2.1 | 4º-ECB2.1.3 - Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. | | X | | CSIEE CSC |
| B2.2 | 4º-ECB2.2.1 - Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | | X | | CMCT CSC |
| B2.2 | 4º-ECB2.2.2 - Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. | X | X | | CD CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B2.3 | 4º-ECB2.3.1 - Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | | | X | | | CCL CD CMCT |
| B2.4 | 4º-ECB2.4.1 - Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | | | X | | | CD CMCT |
| B2.5 | 4º-ECB2.5.1 - Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. | | | X | | | CD CMCT |
| B2.5 | 4º-ECB2.5.2 - Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. | | | X | | | CSC |
| | | | | | | | |
| B3.1 | 4º-ECB3.1.1 - Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. | | | | X | | CAA CD CMCT |
| B3.1 | 4º-ECB3.1.2 - Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. | | | | X | | CAA CD CMCT |
| B3.1 | 4º-ECB3.1.3 - Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. | | | | X | | CAA CD CMCT |
| B3.2 | 4º-ECB3.2.1 - Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional | | X | X | X | | CAA CSIEE |
| B3.3 | 4º-ECB3.3.1 - Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. | | X | | | | CAA CSC |
| B3.3 | 4º-ECB3.3.2 - Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. | | X | | | | CAA CSC |
| B3.4 | 4º-ECB3.4.1 - Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. | | X | | | | CCL CMCT |
| B3.4 | 4º-ECB3.4.2 - Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. | | X | | | | CCL CAA CD |
| B3.4 | 4º-ECB3.4.3 - Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. | | X | | | | CAA CD |
| B3.4 | 4º-ECB3.4.4 - Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. | | X | | | | CCL CD CMCT |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B3.5 | 4º-ECB3.5.1 - Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. | | X | | X | | CCL CAA CMCT |
| **Bloque 4: Economía e ingresos e gastos do Estado** | | | | | | | |
| B4.1 | 4º-ECB4.1.1 - Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. | | | X | | | CMCT CSC |
| B4.1 | 4º-ECB4.1.2 - Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. | | | X | | | CD CMCT |
| B4.1 | 4º-ECB4.1.3 - Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. | | | X | | | CMCT CSC |
| B4.1 | 4º-ECB4.1.4 - Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | | | X | | | CCL CSC |
| B4.2 | 4º-ECB4.2.1 - Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. | | | X | | | CCL CMCT |
| B4.3 | 4º-ECB4.3.1 - Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. | | | X | | | CCL CMCT CSC |
| B4.3 | 4º-ECB4.3.2 - Interpreta gráficos representativos da distribución da renda | | | X | | | CAA CD CMCT |
| **Bloque 5: Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego** | | | | | | | |
| B5.1 | 4º-ECB5.1.1 - Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | | | | X | | CCL CSC |
| B5.1 | 4º-ECB5.1.2 - Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. | | | | X | | CCL CMCT CSC |
| B5.1 | 4º-ECB5.1.3 - Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. | | | X | | | CD CMCT |
| B5.2 | 4º-ECB5.2.1 - Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | | | X | | | CCL CMCT CSC |
| B5.2 | 4º-ECB5.2.2 - Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. | | | X | | | CD CSC |
| B5.2 | 4º-ECB5.2.3 - Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego | | | X | | | CAA CD |
| **Bloque 6: Economía internacional** | | | | | | | |
| B6.1 | 4º-ECB6.1.1 - Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. | | | | X | | CAA CSC |
| B6.1 | 4º-ECB6.1.2 - Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. | | | | X | | CCL CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B6.1 | 4º-ECB6.1.3 - Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. | | X | | X | | CAA CD CSC |
| B6.1 | 4º-ECB6.1.4 - Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. | | X | | X | | CCL CD CSC |
| B6.1 | 4º-ECB6.1.5 - Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | | | | X | | CAA CSC |

## 4. TEMPORALIZACIÓN DA MATERIA

De acordo co establecido pola Orde do 28 de maio de 2018, que aproba o calendario escolar, o presente curso comprenderá aproximadamente 163 días lectivos.

Respecto á programación de todas as materias, realizouse unha temporalización estruturada de acordo coas **tres avaliacións** previstas no PEC: 19 e 20 de decembro, finais de marzo e 24 de xuño.

Tívose ademais en conta o feito de que en setembro e xuño este centro educativo conta con **xornada intensiva,** que conleva unha redución das sesións da materia. Tendo en conta que esta materia, de xeito ordinario, ten unha carga horaria semanal de 3 sesións de 50 minutos, e que nos meses de setembro e outubro é de 45 minutos, e que se disporán dunhas 96 sesións, o reparto de unidades será o seguinte:

| Nº | UD | TEMPORALIZACIÓN | AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|
| 0 | Introdución á economía | 3 sesions | 1ª Avaliación (33 sesións) |
| 1 | Ideas económicas básicas | 6 sesións | |
| 2 | A produción de bens e servizos | 8 sesións | |
| 3 | Os mercados e os axentes económicos | 8sesións | |
| 4 | As decisións económicas das familias | 8 sesións | |
| 5 | As empresas | 8 sesións | 2ª Avaliación (32 sesións) |
| 6 | O crecemento económico | 8 sesións | |
| 7 | A distribución da renda | 8 sesións | |
| 8 | O diñeiro e os medios de pago | 8 sesións | |
| 9 | A inflación e os tipos de interese | 7 sesións | 3ª Avaliación |
| 10 | O aforro e o endebedamento das familias | 6 sesións | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 11 | O comercio exterior | 7 sesións | (26 sesións) |
| 12 | Economía e medioambiente | 6 sesións | |

Ademais, das sesións marcadas contémplanse sesións adicadas á presentación da materia, avaliacións iniciais, realización de probas escritas, probas de recuperación, imprevistos, etc.

## 5. METODOLOXÍA ESPECÍFICA DA MATERIA

Consideramos que neste nivel da educación obrigatoria é necesario priorizar as estratexias metodolóxicas de **carácter motivador,** que estimulen o interese do alumnado polos temas tratados na área. Para iso, as Unidades Didácticas desenvolveranse por medio dunha metodoloxía esencialmente activa, limitándose ao máximo a exposición maxistral, que se tentará reducir á explicación dos conceptos máis confusos, buscando a **participación constante dos alumnado na construción dos coñecementos.**

A materia facilita tamén unha **aplicación práctica** aos temas, partindo no posible do seu **contorno inmediato**, da realidade que eles coñecen, e evitando que lles resulten afastados ou carentes de interese. Dentro do posible tentarase facer algunha saída para observar en directo algúns dos fenómenos estudados na aula: coñecer unha proposta emprendedora ou empresarial interesante da contorna, etc.

Na aula alternaranse os traballos e actividades **individuais** cos desenvolvidos en **pequeno grupo,** facilitando a **comunicación** entre os alumnos e a súa **participación** na clase. Potenciaranse as estratexias de **busca e tratamento da información**, tanto escrita (prensa, manuais, monografías, etc.) como oral ou visual (medios de comunicación, diapositivas, etc). Dentro de cada unidade comezarase sempre por explorar os coñecementos previos sobre o tema: tormentas de ideas, preguntas na aula..., e a continuación daranse a coñecer os obxectivos, contidos, criterios de avaliación da unidade para que **o alumnado saiba o que se pretende conseguir** en cada momento.

Tentarase ademais atender a cada estudante de forma individualizada e flexibilizar o traballo adaptándose aos distintos **ritmos e estilos de aprendizaxe** dos rapaces e rapazas. Consideramos necesario permitirlle ao alumnado que afonden naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia, e que aporten en todo momento as súas **opinións** sobre o desenvolvemento dos contidos.

Como principios base subliñamos a motivación para captar o interese do alumnado; a prioridade da **comprensión** fronte á repetición mecánica; a **conexión dos temas cos coñecementos previos,** coa actualidade e coa experiencia propia; a **reflexión persoal e crítica;** a **interrelación entre pasado e presente.**

Podemos concluír que buscarase unha **metodoloxía comunicativa, inclusiva e participativa**, cun **enfoque competencial** que buscará o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de **problemas en contextos da vida real.**
Sendo o obxectivo último o achegamento do alumnado ao feitos e procesos histórico-xeográficos, combinaranse **metodoloxías integradoras** acordes ao principio de **aprendizaxe construtiva**. Os contidos traballaranse gradualmente, priorizando nalgunhas ocasións actividades de tipo máis procedemental, especialmente no comezo do curso para asegurar unhas bases sólidas para o resto do tempo.
Traballarase dun xeito competencial a partires de propostas metodolóxicas de aprendizaxe **baseada en proxectos e traballo colaborativo.**

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia do CPI Cernadas de Castro conta con numerosos recursos didácticas: bibliografía, filmografía, colección de diapositivas, mapas, etc.

Este Departamento ten asignado o uso dun **ordenador portátil** que se utiliza para utilizar nas aulas que non están dotadas con equipamento informático. Contarase coa **aula de informática** na sesión dos xoves a 5ª hora. Dende finais do curso pasado **todas as aulas contan cun equipamento informático conectado á rede**, facilitando o uso das TIC como recurso esencial.

Dado a grande variedade de recursos didácticos posibles, tentarase diversificar o seu uso, combinando os libros de textos como recurso de consulta e recompilación de documentos, cun gran número de **recursos audiovisuais**, sempre que as condicións técnicas o permitan.

As TIC resultan especialmente motivadoras e o uso da internet é unha fonte de información e recurso didáctico con moito potencial nestas áreas. Este ano crearánse cursos na **aula virtual** como soporte e apoio para todos os niveis.

Ademais dos recursos do departamento, o centro ten dispoñible unha **cámara de vídeo** e unha **cámara de fotos,** que poderán ser utilizados para diversas actividades.

Ademais, dada a importancia social que teñen os **medios de comunicación** na actualidade, á que se une o seu compoñente motivador, farase imprescindible o uso da **prensa** escrita para ser empregada na análise de informacións, para recompilar datos, etc.

Na materia de Economía de 4ºESO, non será obrigatorio o **libro de texto**. De xeito xeral, o profesorado da materia elaborará **material propio e adaptado ao alumnado e ao contexto** que serán facilitados de xeito impreso. No departamento contamos con exemplares de libros de texto de distintas editoriais que poden ser de utilidade á hora da elaboración material.

Este departamento facilitará os **materiais complementarios** que se precisen, como monografías, pequenas bibliotecas de aula, mapas, estatísticas, gráficos, etc:

- Fontes documentais históricas e historiográficas seleccionadas polo profesorado.

- Imaxes. Diapositivas, fotografías, debuxos, consultando na internet ou na biblioteca.

- Prensa. Tanto actual como de hemeroteca, sendo un gran recurso con moito potencial.

Para determinadas actividades precisarase ordenador (busca de información, realización de exercicios, presentacións, etc) para o que se utilizará a aula de informática ou a biblioteca.

Outro aspecto fundamental é o propio **caderno do alumnado**, que deberá cumprir coas normas básicas de presentación que serán o referente de traballo realizado na aula polo alumnado.

Na **presentación de proxectos e traballos** o profesorado indicará as directrices de presentación que se deben cumprir.

## 7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA MATERIA

Resulta fundamental ter presente que a finalidade da avaliación ten que ser formativa, pois trátase de detectar en cada intre como se adaptan os alumnos e alumnas individualmente ao proceso de ensinanza-aprendizaxe previsto e corrixir de forma inmediata os erros do mesmo. No procedemento de avaliación desta materia,

respectaranse os distintos momentos e funcións naturais da avaliación: inicial, formativa e sumativa.

**7.**1. Ten importancia crucial a **avaliación inicial** coa que valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado e realizarase ao comezo de curso e de cada unidade didáctica ou tema novo. Un instrumento apropiado para esta avaliación pode ser unha **proba inicial escrita ou preguntas orais** como tormenta de ideas, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos, así como destinadas a enlazar o xa aprendido co que se vai a aprender. Contémplanse dúas sesións dentro da Unidade Didáctica 1ª adicadas á realización de **varios cuestionarios,** tanto orais como escritos, sobre os coñecementos previos do alumnado, así como á explicación da dinámica do curso (funcionamento da aula virtual, pautas para os comentarios escritos de textos, os instrumentos de avaliación e criterios de cualificación, normas da aula, etc.).

-**Avaliación continua ou formativa:** ao longo das unidades didácticas, seremos conscientes das incidencias presentadas, e empregaranse os instrumentos de avaliación precisos para a adquisición das competencias, o alcance dos obxectivos e o coñecemento dos contidos ao longo do curso escolar, a avaliación será así continua.

-**Avaliación sumativa ou final**, realizada a finais de curso, na que se recolle tódolos datos do proceso de ensino e aprendizaxe e se emite unha valoración en relación ó grao de adquisición das competencias, obxectivos e asimilación de contidos.

7.2. **Tipos de avaliación.** Para que o proceso de avaliación sexa íntegro, todos os axentes implicados no proceso de aprendizaxe deben ser escoitados. Fomentarase a **coavaliación e a autoavaliación** por medio de ferramentas como as **rúbricas** que permitan coñecer o grao de adquisición de contidos e competencias. Ademais, como se indicou anteriormente, o alumnado poderá e deberá avaliar o traballo do profesorado cunha enquisa que se leva a cabo a finais de curso.

Dende este Departamento óptase por un procedemento de avaliación o máis transparente posible de cara ao alumnado e ás familias, polo que en todo momento se informará tanto dos instrumentos como dos criterios de avaliación e cualificación. Consideramos que se o alumnado coñece cales son os obxectivos de aprendizaxe e como se van avaliar, será máis doado que os acade.

7.3. **Criterios de avaliación**. Os criterios de avaliación seguen estritamente o currículo vixente na nosa comunidade autónoma (Decreto 86/2015). Estes criterios son concretados en indicadores de avaliación para cada unidade didáctica, de tal xeito que nos permiten a súa relación directa coas competencias que se traballan con cada un deles.

| |
|---|
| 4º-ECB1.1.1 - Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. |
| 4º-ECB1.1.2 - Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. |
| 4º-ECB1.2.1 - Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. |
| 4º-ECB1.2.2 - Diferencia entre economía positiva e economía normativa. |
| 4º-ECB1.2.3 - Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. |
| 4º-ECB1.3.1 - Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. |
| 4º-ECB1.3.2 - Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. |
| 4º-ECB2.1.1 - Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. |
| 4º-ECB2.1.2 - Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. |
| 4º-ECB2.1.3 - Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. |
| 4º-ECB2.2.1 - Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. |
| 4º-ECB2.2.2 - Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. |
| 4º-ECB2.3.1 - Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. |

| |
|---|
| 4º-ECB2.4.1 - Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. |
| 4º-ECB2.5.1 - Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. |
| 4º-ECB2.5.2 - Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. |
| 4º-ECB3.1.1 - Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. |
| 4º-ECB3.1.2 - Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. |
| 4º-ECB3.1.3 - Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. |
| 4º-ECB3.2.1 - Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional |
| 4º-ECB3.3.1 - Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. |
| 4º-ECB3.3.2 - Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. |
| 4º-ECB3.4.1 - Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. |
| 4º-ECB3.4.2 - Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. |
| 4º-ECB3.4.3 - Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. |
| 4º-ECB3.4.4 - Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. |
| 4º-ECB3.5.1 - Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. |
| 4º-ECB4.1.1 - Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. |
| 4º-ECB4.1.2 - Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. |

| |
|---|
| 4º-ECB4.1.3 - Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. |
| 4º-ECB4.1.4 - Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. |
| 4º-ECB4.2.1 - Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. |
| 4º-ECB4.3.1 - Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. |
| 4º-ECB4.3.2 - Interpreta gráficos representativos da distribución da renda |
| 4º-ECB5.1.1 - Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. |
| 4º-ECB5.1.2 - Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. |
| 4º-ECB5.1.3 - Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. |
| 4º-ECB5.2.1 - Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. |
| 4º-ECB5.2.2 - Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. |
| 4º-ECB5.2.3 - Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego |
| 4º-ECB6.1.1 - Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. |
| 4º-ECB6.1.2 - Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. |
| 4º-ECB6.1.3 - Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. |
| 4º-ECB6.1.4 - Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. |
| 4º-ECB6.1.5 - Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. |

**9.4. Instrumentos de avaliación** a utilizar nas distintas materias serán variados para atender aos distintos estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, entre os que destacamos os seguintes:

- Probas de avaliación inicial para detectar o punto de partida de cada un dos alumnos, e as súas posibles carencias e necesidades (véxase apartado específico).
- Observación diaria na aula e libro de rexistro: realización ou non dos traballos, esforzo individual, participación nas tarefas en grupo, etc
- Elaboración de portfolios como dosier no que deben recopilar as actividades realizadas e o reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe da materia, así como tamén deben aparecer os apuntes tomados na clase e os exercicios realizados.
- Análise dos traballos individuais, normalmente de carácter escrito (comentarios de textos, elaboración e comentarios de gráficas, proxecto emprendedor, traballos monográficos, etc.)
- Traballos en grupo, preferentemente en formato audiovisual, para ser expostos na aula que poderán ser avaliados con listaxes de control.
- Rúbricas como elemento primordial para coñecer o grao de desempeño dunha competencia.
- Probas escritas de carácter sumativo, normalmente ao rematar cada unidade, ou de cada dúas con conceptos dificilmente avaliables por outras vías.

O profesorado levará rexistro das evidencias da aprendizaxe do alumnado no libro de profesorado.

### 7.5. Procedemento de cualificación e promoción

<table>
<tr><td colspan="2">PUNTUACIÓNS</td></tr>
<tr><td colspan="2">Serán numéricas, arredondada á unidade máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior. As probas escritas puntuaranse numericamente do 0 ao 10, sendo o aprobado o 5. As rúbricas establecerán 4 columnas de nivel de desempeño, sendo o nivel C o mínimo para superar.</td></tr>
<tr><td colspan="2">BAREMACIÓN PARA AS CUALIFICACIÒNS</td></tr>
<tr><td>NOTA DE AVALIACIÓN</td><td>A cualificación resultará da media de todas as unidades impartidas.<br>A ponderación dos instrumentos de avaliación será a que segue:<br>-Probas escritas e traballos de investigación: 70%<br>-Traballo de aula: 30%</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | Para ter superada a avaliación o alumnado deberá ter superados os mínimos esixidos referidos a cada estándar (ver apartado 5) |
| NOTA FINAL EN CONVOCATORIA ORDINARIA | A media aritmética das cualificacións das tres avaliacións superadas. |
| NOTA FINAL EN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA | A cualificación obtida na proba escrita de setembro. |
| ESPECIFICACIÓNS | |
| Todas as probas e actividades propostas terán especificada a puntuación que corresponda e que determinará en cada momento o profesorado grazas aos distintos instrumentos de avaliación. | |
| Non se repetirán actividades e probas nos casos de non asistencia, agás en circunstancias excepcionais como enfermidade debidamente xustificada. As actividades e probas non realizadas poderán facerse na recuperación para tal efecto. | |
| Calquera proba na que se teña copiado terá como consecuencia inmediata a anulación de dita proba, polo que deberase realizar a recuperación de toda a avaliación. De tratarse dunha probade recuperación , o exame queda suspenso e pendente para as probas de suficiencia, de copiar nestas probas quedará pendente para setembro e de copiar nesta convocatoria, a materia queda suspensa para o vindeiro curso. | |
| Os exames e/ou probas escritas poderán ir seguidas da correspondente contrastación oral sempre que o profesor o considere oportuno, por exemplo se hai sospeita de que un alumno teña copiado. Esta proba oral se realizará nun prazo non superior aos catro días despois da dita proba escrita. | |
| ASISTENCIA E COMPORTAMENTO | |
| No caso de faltas de orde graves, impuntualidade, carencia reiterada do material preciso, comunicarase ao equipo directivo para levar a cabo as medidas oportunas recollidas no proxecto educativo do centro. | |

### 7.6. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

| | |
|---|---|
| **¿QUÉ AVALIAR?** | O cumprimento da temporalización<br>Logro dos obxectivos<br>Cumprimento dos acordos<br>Dificultades atopadas<br>Necesidades atopadas |

| | |
|---|---|
| | Resultados de aprendizaxe acadados<br>Idoneidade dos recursos empregados<br>Eficacia das actividades de reforzo e recuperación |
| **¿COMO AVALIAR?** | Autoavaliación: análise individual das dificultades atopadas, as necesidades, os puntos fortes.<br>Avaliación grupal do departamento: posta en común e procura de solucións |
| **¿CANDO AVALIAR?** | Mensualmente: seguimento da programación, reunións de departamento<br>Por avaliación: seguimento e cumprimento da programación<br>Ao finalizar o curso: cumprimento e resultados de aprendizaxe. |
| **MEDIDAS A TOMAR** | No momento que sexa preciso e así se acorde, introduciranse os cambios ou axustes necesarios que se farán constar en acta de reunión de departamento e na memoria final de curso, onde tamén se indicarán as necesidades de modificación para o seguinte curso. |

Neste caso trátase de establecer na programación que aspectos nos poden aportar información obxectiva acerca do desenvolvemento do proceso. En cada un deles haberá que establecer o grao de consecución.

**Análise da temporalización establecida.**

- Indicador : A lo menos un 80% da programación didáctica.

**Porcentaxe de alumnado que acada unha valoración positiva na materia.**

- Indicador: A lo menos un 80%

**Efectividade das medidas adoptadas para a atención á diversidade.**

- Indicador: A lo menos un 80%

**Eficacia e efectividade dos recursos humanos e materiais empregados.**

- Indicador: cualificación do 80%

**Metodoloxía: proposta de accións de aula variadas en canto á metodoloxía (traballo cooperativo e colaborativo, resolución de problemas**

- Indicador: A lo menos empregouse o traballo colaborativo ou cooperativo en dúas ocasións por avaliación.

- Indicador: plantexouse a resolución de problemas a través de tarefas a lo menos en dúas ocasións por avaliación.

**Instrumentos de avaliación**

- Indicador: empréganse instrumentos de avaliación variados.

◦ Indicador: Os instrumentos proporcionan información sobre os estándares

◦ Indicador: O alumnado é coñecedor previo á avaliación dos instrumentos que se empregarán

**Nivel de coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.**

◦ Indicador: Constátase a información ás familias e ao resto do equipo docente.

**Clima de traballo na aula**

• Indicador : o número de incidencias no grupo é baixo..

**Contribución da práctica docente ao desenvolvemento xeral dos plans e proxectos do centro.**

- Indicador: o departamento participa a lo menos nun proxecto de centro.

### 7.7. Procedemento para revisar, avaliar e modificar a programación

| | |
|---|---|
| **¿QUÉ AVALIAR?** | A adecuación da temporalización<br>Consecución dos obxectivos<br>Dificultades atopadas para a posta en práctica da programación<br>Idoneidade dos recursos propostos<br>Necesidades e propostas de mellora |
| **¿COMO AVALIAR?** | Autoavaliación: análise individual das dificultades atopadas, as necesidades, os puntos fortes (anexo I)<br>Avaliación grupal do departamento: posta en común e procura de solucións<br>Enquisa da práctica do centro polo alumnado a final de curso (anexo II) |
| **¿CANDO AVALIAR?** | Mensualmente: seguimento da programación, reunións de departamento<br>Por avaliación: seguimento e cumprimento da programación<br>Ao finalizar o curso: cumprimento e resultados de aprendizaxe. |
| **MEDIDAS A TOMAR** | No momento que sexa preciso e así se acorde, introduciranse os cambios ou axustes necesarios que se farán constar en acta de reunión de departamento e na memoria final de curso, onde tamén se indicarán as necesidades de modificación para o seguinte curso. |

## 8. PLAN DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Non hai alumnado con materia pendente.

## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste nivel educativo é máis frecuente que nos cursos de primaria a existencia de alumnado con moi **diferentes necesidades educativas** debido ás súas diversas capacidades, motivacións, estilos de aprendizaxe e intereses. Por iso é necesario ofrecer diferentes respostas dentro da aula, que se poden concretar nos seguintes aspectos:

No referido ós obxectivos didácticos, procuraremos un **equilibro entre os distintos tipos de capacidades** a desenvolver, de forma que o alumnado atope diferentes vías para alcanzar os mesmos obxectivos.

- Capacidades cognitivas: obxectivos referidos a identificar, recoñecer, etc.
  - Capacidades afectivas: obxectivos referidos á valoración e aprecio do patrimonio.
  - Capacidades de inserción social: obxectivos orientados á valoración das repercusións de diversos feitos, á mellora do contorno social, etc.
  - Capacidades de relación interpersoal: realización de tarefas en grupo, participación en debates.
  - Ademais disto priorizaranse as capacidades transversais.

No referido os contidos tentarase:

- Fixar **prioridades**, é dicir, distinguir entre os contidos substanciais, que resultan básicos e clave, e outras contidos accidentais que poden ser complementarios dos anteriores.
- Establecer un **equilibrio entre os distintos tipos de contidos** (conceptos, procedementos e actitudes), tal e como se fixo cos distintos tipos de capacidades nos obxectivos didácticos.

Hai unha serie de **medidas de aula** que favorecen o desenvolvemento da diversidade e que en parte sinalamos no apartado de metodoloxía:

- Uso de **metodoloxías diversa**s, combinando os métodos de exposición e indagación.
- **Actividades diferenciadas** para acadar un grao ou outro de afondamento nos

obxectivos. O alumnado que desexe ampliar coñecemento poderá realizar actividades aportadas polo profesorado.

- **Materiais heteroxéneos**, combinando o libro de texto ou as monografías específicas con medios audiovisuais que contribúan a reforzar a motivación ou a aportar tarefas específicas a alumnos con dificultades de aprendizaxe.
- **Agrupamentos flexibles**, de forma que o alumnado poidan ser cambiados de lugar en función das necesidades da clase, sobre todo para o traballo en pequeno e gran grupo.
- Utilización de **ritmos distintos**, acordes coas capacidades e posibilidades dos alumnos e alumnas.

No tocante aos recursos didácticos utilizados, aquelas persoas con algunha discapacidade temporal ou permanente, recibirán unha atención personalizada co apoio de institucións externas e o departamento de Orientación, buscando en todo momento o principio de **accesibilidade universal.**

Teranse ademais en conta as **pautas de actuación** marcadas polo Departamento para todos aqueles casos que así o precisen (atención a alumnado con **TDAH)**.

Na avaliación procurarase:

- deseñar distintos **niveis de complexidade**, diferenciando graos de dificultade: que recoñeza e identifique, que analice e valore, que analice e valore criticamente a información. Tentarase que cada alumno alcance os tres niveis, pero o grao de abstracción e dificultade de cada un permitirá diversificar os resultados do alumnado.
- Partindo das **avaliacións iniciais** ao principio de curso e en cada unidade, considerarase a necesidade de utilizar **reforzos** ou **exercicios complementarios**.
- Utilizaranse **estratexias e instrumentos de avaliación variados,** como expoñemos no apartado de avaliación, para contribuír á atención á diversidade.

Finalmente, para aqueles alumnos/as que non consigan acadar os obxectivos mínimos a través de todas estas medidas ordinarias de aula, recorrerase a:

- **Reforzos educativos,** consistentes nun tratamento personalizado da materia coa realización de exercicios específicos. O alumnado que precise dun reforzo haberán de alcanzar, en calquera caso, os obxectivos mínimos da materia para obter unha avaliación positiva.

o **Adaptacións curriculares individualizadas**, realizadas en colaboración co Departamento de Orientación e que poderán incidir tanto nos contidos como na metodoloxía e mesmo nos obxectivos, con probas deseñadas particularmente para os alumnos e alumnas que o necesitasen.

## 10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais están presente en todos os elementos desta materia. A continuación, resumimos os temas de maior importancia que perseguen unha actitude responsable e comprometida do alumnado no seo da sociedade e que serán promovidos na materia obxecto desta programación:

- A comprensión lectora, a **expresión oral e escrita,** a comunicación audiovisual, as **tecnoloxías da información e comunicación.**

**-** O **emprendemento e a autonomía persoal**. Fomentaranse as medidas para que o alumnado en actividades que lle permitan afianzar o **espírito emprendedor e a iniciativa empresarial** a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- A educación **cívica e constitucional.**

- Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a **prevención da violencia de xénero** ou contra persoas con discapacidade; así como os valores inherentes ao principio de **igualdade de trato e non discriminación** por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Promoverase a aprendizaxe da prevención e **resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración das vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Esta programación contempla a **prevención da violencia de xénero**, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

**Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipo**s que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

**- Seguridade viaria.** Promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

## 11. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Dende este departamento e as áreas impartidas contribúese ao plan de convivencia participando en todas as accións propostas. Para iso, levaranse a cabo en todas as materias pola súa propia natureza **promovendo a educación nunha convivencia democrática,** o respecto á **liberdade de conciencia e convicción relixiosa,** o **respecto ás normas de convivencia do centro**, o fomento dun **clima positivo** de convivencia, mantemento dun comportamento adecuado tanto centro como fóra da aula.

As actividades serán tanto diarias como aquelas ofertadas polo centro, por exemplo, **conmemoracións** ou participación en programas que favorezan a convivencia dos membros da comunidade escolar. Neste curso celebraremos, levando a cabo distintas accións, as seguintes conmemoracións recollidas pola Orde do 7 de xuño de 2016, que aproba o calendario escolar:

25 de novembro de 2017: **Día Internacional contra a Violencia de Xénero**

30 de xaneiro de 2018: **Día Escolar da Non Violencia e a Paz**

23 ao 27 de abril de 2018: **Semana do Libro**

17 de maio de 2018: **Día das Letras Galegas**

## 12. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

As TIC resultan imprescindibles na materia de Economía, porque aumentan as posibilidades de comunicación, axilizan os intercambios e mesmo poden propiciar formas de **traballo cooperativo** que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos.

Algúns dos usos das TIC que temos previsto facer son os seguintes:

o **Busca de información** en diferentes páxinas web, que serán aportadas polo profesorado (nunca deixando ao criterio do alumnado a busca libre na rede). Estas buscas de información formarán parte sempre de traballos perfectamente estruturados, para facilitarlle ao alumnado as labores de selección e organización dos datos.

o Potenciarase o uso de páxinas oficiais como **INE**, **IGE** ou **Instituto de Estudos do Territorio.**

o Utilización de programas informáticos como **Power Point** para facer exposicións na clase, tanto por parte do profesorado como do alumnado.

o Utilización de **ferramentas de autor** de elaboración propias ou alleas, respectando e promovendo o respecto á propiedade intelectual.

## 13. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Dende este Departamento de CCSS, Xeografía e Historia desexamos, dende as nosas materias, introducir elementos que **promovan a adquisición das competencias no ámbito da lectura** (véxase destreza lectora e escritora). Para iso, é preciso programar e deixar explícitas as actividades que pretendemos levar a cabo en relación co plan lector do centro.

A materia obxecto desta programacón contribúe a desenvolver o dominio das habilidades de l**er e escribir diferentes tipos de textos,** cada vez máis complexos, e que resultan fundamentais como elementos de **información social e histórica.** Nese sentido, consideramos que a formación de lectores capacitados debe comezar por un achegamento aos textos máis sinxelos e cunha linguaxe adaptada aos alumnos e alumnas. No caso desta materia, posúe un léxico complexo e moitas veces novidoso, que será conveniente presentar de **forma gradual**. Así, os estudantes traballarán de forma máis habitual con textos adaptados, procedentes dos libros do seu nivel, para ir despois atopando esa linguaxe específica en textos xornalísticos ou monografías especializadas. Facilitarase tamén a lectura de **gráficos e táboas**, que irán gañando en complexidade nos dous últimos anos.

Na aula desenvolveranse a diario estratexias de **comprensión lectora e destreza escritora**:

o **Lectura en voz alta**. Cada día varios estudantes lerán por quenda en voz alta, durante non menos de dez minutos, diferentes parágrafos, ben do libro de texto, ben de artigos de xornais ou outro tipo de textos aportados polo profesorado. O profesorado realizará a continuación una serie de preguntas, tamén en voz alta, para comprobar o grao de comprensión adquirido pola clase. Por último, explicará todos aqueles aspectos que non quedaran suficientemente claros.

o **Lectura en voz baixa**. Polo menos un día na semana o profesorado dedicará quince minutos á lectura individual dalgún texto, que poderá ser tamén do libro ou un recurso que considere interesante, sobre o cal o alumnado realizará actividades escritas que servirán para coñecer o nivel de comprensión acadado por cada un deles.

Ademais destas actividades habituais, propoñemos outras actividades que axuden ao alumnado a ler e interpretar os textos e redactar e expresarse de maneira correcta. Para a mellora das destrezas lecto-escritoras levaranse a cabo medidas de actuación, avaliación e correctoras da proposta:

o Traballo coa **prensa impresa e dixital** de xeito informal (vaciado de noticias, seguimento dun determinado tema) ou de xeito establecido a través de programas como "El país de los estudiantes" ou "La voz en la escuela".

o proxectos de **traballo cos fondos da biblioteca**. Realizarase un vaciado dunha bibliografía dun tema determinado. O traballo realizarase en grupo no que terán tarefas repartidas para buscar e tomar datos deses fondos. O traballo será obxecto de avaliación mediante a observación e rexistro do profesorado.

o **traballo de investigación** sobre un determinado tema.

Neste curso celebraremos as seguintes **conmemoracións** relacionadas co fomento da lectoescritura recollidas pola Orde do 12 de xuño de 2017, que aproba o calendario escolar:

23 ao 27 de abril de 2018: **Semana do Libro**

17 de maio de 2018:**Día das Letras Galegas**

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

En relación ás actividades **complementarias**, este Departamento participará en todas aquelas que organice o centro de acordo co proxecto curricular e que se consideren de interese para as materias.

- actividades organizadas por este Departamento no centro educativo: visionado de audiovisuais, concurso de fotografía, montaxe de exposicións.
- actividades de temas transversais organizadas polo Departamento de Orientación que poden ser integradas no currículo destas materias.
- actividades organizadas por outros Departamentos didácticos que poidan ser integradas na programación prevista.
- actividades interdisciplinares organizadas pola Dirección do centro educativo ou polos equipos de Dinamización Lingüística, equipo da Biblioteca, equipo TIC, equipo de actividades extraescolares.

## 15. DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ALUMNADO E A COMUNIDADE ESCOLAR

De acordo co establecido pola Orde do 12 de xuño de 2017, que aproba o calendario escolar, ao inicio do curso darase a coñecer ao alumnado e a comunidade escolar dará a **información básica relativa ás programacións didácticas**, incluíndo obxectivos, contidos e criterios de avaliación, mínimos esixibles para obter valoración positiva, criterios de cualificación e procedementos de avaliación que se van utilizar.

Ademais, para dar a maior difusión posible e garantir a súa publicidade, as programacións estarán a disposición do alumnado e das familias na páxina **web do centro**. Por último, o alumnado terá á súa disposición unha **síntese da programación** na súa aula de referencia para que poidan facer en calquera momento unha consulta da mesma.

## 16. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS NO PROCESO EDUCATIVO

Facilitarase en todo momento a **participación** e **implicación** das familias no proceso educativo. Dende o comezo farase a maior difusión posible da programación das materias e organizarase unha reunión coas familias que desexen coñecer máis polo miúdo as características propias de cada materia.

Ao longo do proceso ensinanza-aprendizaxe farase un seguimento e acompañamento. Ademais do asesoramento nos aspectos pedagóxicos concretos de cada estudante, **informarase** periodicamente do desenvolvemento do alumno ou alumna na aula e no centro.

Fomentarase a participación nas actividades complementarias que se organicen dende este Departamento. A familia será un aspecto clave na aprendizaxe, sendo o **referente** máis próximo do alumnado, por iso, con frecuencia moitas actividades de aprendizaxe destas materias terán como punto de partida o contorno máis cercano.

En definitiva, potenciarase a relación, **comunicación** e transparencia ao máximo posible. Informarase á sobre a avaliación do proceso ensinanza-aprendizaxe.